

# DIARIO DE JOSÉ CASAL

Deputación de Pontevedra

Presidenta
Carmela Silva Rego

Deputada de Patrimonio documental e bibliográfico e Memoria histórica
María Ortega Iñarrea

© *Edición:* Deputación de Pontevedra. Servizo de Patrimonio documental e bibliográfico

*Dirección:* Ana Vicente Rivas

*Tradución do diario ao galego:* Xosé María Álvarez Cáccamo

*Dixitalización imaxes diario:* Servizo de Patrimonio documental e bibliográfico

© *Textos:* Alberte Blanco Casal, Xosé María Álvarez Cáccamo, descendentes de José Casal

*Deseño e maquetación:* Artes Gráficas Jadfel
*Impresión:* Artes Gráficas Jadfel

*ISBN:* 978-84-8457-534-4
*Depósito Legal:* PO 106-2023

# Diario de José Casal

# ÍNDICE

A memoria íntima
Xosé Álvarez Cáccamo
11

1936: Carrapuchos, compromiso e entusiasmo
Alberte Blanco Casal
15

Diario de José Casal
87

Manuscrito do diario de José Casal
97

## A memoria íntima

"Chegamos á illa ás 6 da mañá. Fomos os primeiros. Bo día de sol". A luz do 15 de outubro de 1936, data do seu desembarco no campo de concentración fascista de San Simón, ficou a brillar na memoria de José Casal. Nas páxinas do caderno onde escribiu o seu diario consérvanse pegadas da transparencia daquel alborecer, superposta aos sinais de morte que marcaban a pel do Lazareto. O Diario de José Casal rexistra outros datos relativos ao ámbito atmosférico: "o día 6 de febreiro, sábado de Entroido, ás 8 e media da tarde, con alustros e tronos, trasládannos ao cárcere de Pontevedra". Bienvenido Lago Cid recolle tamén no seu diario -escrito na illa e recollido en *Aillados*, libro de Antonio Caeiro, Juan A. González e Clara María de Saa- a vibración do ar que perfila as siluetas das vítimas: "Fusilan a Pardo, Oubiña, Navia, Mondragón e Otero. Saen para Pontevedra Dámaso, Lemos, Lucho, Quintela e outros máis, até quince. Van tamén Muñiz, Alexandre e Montenegro a asinar sentenza. Temporal". Un detalle doméstico de entidade menor potencia, por contraste, o efecto do espanto: "16 de febreiro de 1937. Martes. Aparecen na estrada de Redondela a Vigo catro. Estreo a cazadora". Nin José Casal nin Lago Cid pretenderon minimizar a vivencia do terror. Os planos de detalle da súas crónicas fortalecen a construción do texto da memoria íntima a partir da experiencia sensorial e emocional, que, non obstante, non estorba a certeza do dato cabal, datas, lugares, nomes das vítimas e dos verdugos.

Historiadoras e historiadores traballan na procura da obxectividade documental. O seu labor resulta imprescindíbel, decisiva a súa aportación ao macrotexto da Memoria Histórica. Pero desde a creación literaria e xornalística ou cos aparellos da intervención pública, tentamos organizar eses outros espazos da emoción que motivou a escrita dos diarios, das cartas de despedida, da correspondencia enviada desde os

cárceres e campos de concentración e recoller o testemuño oral das vítimas. Son elas, as súas familias, os seus herdeiros e herdeiras, vítimas todos e todas da violencia insaciábel do fascismo franquista, quen conservaron a memoria privada, íntima e clandestina, que logo, que hoxe mesmo, pode atinxir dimensión de memoria pública e colectiva. Sen aquel substrato da vivencia directa, sen os alicerces da intrahistoria, non poderiamos reconstruír con efecto de verdade completa a Historia Universal da Infamia que encetaron os golpistas de 1936 e que aínda resoa no discurso e nas accións agresivas de quen os sucede.

Tal intención, a de preservar o testemuño vivo e vibrante de cada protagonista, conduce ás páxinas do libro de Luís Bará *Non des a esquecemento. Relatos do xenocidio fascista en Galiza, da resistencia e da solidariedade*. Na entrevista de Carme Vidal que o encabeza declara o seu autor: "Interésame máis achegarme ás vivencias persoais, á dimensión humana da traxedia, construír o relato dos sentimentos, das emocións, das razóns que levaron á loita e das vivencias das persoas que quedaron, que foron tamén vítimas que sufriron moitísimo." Entre outras moitas imaxes da certeira crónica vivencial escrita por Luís Bará, as seguintes liñas concentran, desde a perspectiva local, a ollada en primeiro plano e a temporalidade do instante, a inmensidade universal do terror franquista: "a cabeza rapada de Juana Otero, as marcas na pel, as letras gravadas con nitrato de prata na súa fronte, os ollos abatidos, o silencio, a vergoña".

Con permiso de Luís Bará e a partir dunha selección de fragmentos do seu libro que traían xa densidade poética e ritmo natural de alto estilo, escribín un poema, "Voz de Lamoso de Postemirón", no que quixen tamén contribuír á conservación e a activación pública da verdade íntima, da intrahistoria edificada sobre os primeiros planos da emoción, cos planos de detalle da vivencia sensorial. Hai no poema un lugar para o caderno de José Casal:

Eu son Lamoso de Postemirón.
Digo que non somos nada sen memoria familiar e comunal
e pido que leamos o diario,
acta acusatoria, de José Casal.
Todos os segredos, todas as renuncias, todas as pequenas
vitorias nun caderno.
E pido que lembremos
a Avelino Carracelas, carpinteiro de ribeira,
que desde o Lazareto vía a casa dos seus.
Otilia, a filla,
vestido esfarrapado que foi marca da derrota,
baixou descalza, furtiva, para abrazar o pai
no peirao de Deilán.

Desde a asociación A Regaduxa. Memoria histórica de Vilaboa levamos varios anos a remexer nos caixóns da memoria familiar e comunal, a convocar as persoas que protexeron os documentos privados e o relato transmitido de xeración en xeración e cultivaron con amoroso coidado os eidos da lembranza íntima. Co seu permiso e desde unha posición de emocionado afecto, queremos estender o alcance do murmurio e o rumor, da conversa prudente, da confidencia clandestina para construír entre todos e todas a casa do pobo da memoria pública de Vilaboa.

Coa publicación do Diario do noso veciño José Casal, un testemuño transparente e bravo de verdade e firmeza ideolóxica, continuamos a poñer pedra sobre pedra no labor comunal da edificación da Casa da Memoria.

Xosé María Álvarez Cáccamo

# 1936
# Carrapuchos, compromiso e entusiasmo

*Alberte Blanco Casal*

*Algunhas aclaracións e agradecementos*

As historias sobre os terríbeis acontecementos do 36 repetíanse a cada pouco na familia dende que teño memoria. Eran referencias esquivas e limitadas, case nunca obxecto dun debate máis alá da anécdota. O sufrimento e o medo pasados naqueles tempos de terror, durante a guerra e no período posterior de ditadura, actuaban coma un veo protector, de autodefensa, que só foi desaparecendo, e non de todo, despois da morte de Franco. Porén, a pesar da autocensura defensiva, a memoria daqueles acontecementos estaba moi viva na familia e só agardaba o momento adecuado para a súa revelación. As anécdotas máis comentadas eran as referidas ao 8 de setembro, que celebraban cada ano Roxelio, Pepe e Belarmino, republicanos, activistas políticos e sindicalistas, membros do coñecido clan familiar dos Carrapuchos de Santo Adrián de Cobres, no Concello de Vilaboa. Setembro era o símbolo da súa boa sorte e capacidade de supervivencia: detención, prisión atenuada no domicilio e liberación definitiva.

O compromiso político dos Casal viña de lonxe, integrantes da familia xa participaran na creación da primeira sociedade agraria e a posterior federación municipal en 1903. Roxelio, o primeiro presidente da agrupación das Xuventudes Socialistas da parroquia, colaborou no

intento de asalto ao Cuartel Militar de Figueirido durante a revolución de 1934, protagonismo que compartían Xosé e Belarmino como dirixentes sindicais do naval da UXT e da Sociedade de Agricultores. Este activismo político e social púxoos no punto de mira dos fascistas, que despois do golpe de Estado de xullo do 36 intentaron "pasealos" como a moitas outras persoas, pero unha extraordinaria boa sorte e a axuda dalgunha xente coñecida do bando contrario lograron evitar a traxedia.

Despois de 1975, tras a morte do ditador, o tío avó Roxelio decidiu, de forma paulatina, facerme partícipe dos seus segredos de militante republicano e socialista. Así foi como aflorou unha historia en xeral moi pouco coñecida, xa non digamos nos seus detalles, incluso para o círculo máis achegado, que xunto ás testemuñas da familia e do importante manuscrito de José Casal completaban a necesaria visión panorámica sobre os anos de represión e terror padecidos por estes membros da familia, xunto a outros moitos homes e mulleres republicanas, socialistas, comunistas, galeguistas, demócratas e progresistas.

Aquela traxedia persoal, social e política pasoulle factura a toda a familia, especialmente a José Casal, volvéndose retraído, ensimesmado e cunha tristura vital que intentaba capear da mellor maneira posíbel, mais sen deixar nunca de participar nas iniciativas veciñais de mellora da parroquia. Xosé non foi o único afectado, á avoa Aurora dáballe un salto o corazón cada vez que oía o paso dalgún automóbil ou ruído estraño, incapaz de borrar o pesadelo daqueles días e anos de terror. Pero nin a represión, a cadea ou o medo logrou vencelos, eles mesmos e parte da súa descendencia continuaron a loita anti-franquista e polas liberdades na clandestinidade e durante a posterior reforma democrática.

En definitiva, este volume pretende dar a coñecer a pequena historia duns mozos comprometidos co seu tempo e co seu país, nacidos a principios do século XX nunha aldea do fondo da ría de Vigo. Esta crónica-relato é o resultado dunha entrevista realizada a Roxelio Calvar Casal na súa casa de Paralonga no verán de 1986; tamén do coñecemento, apuntado por Roxelio naquela altura, da existencia do manuscrito do seu curmán José Casal sobre a súa persecución e cativerio, un extraordinario documento que agora se ofrece nesta edición. Finalmente, a recollida de feitos e lembranzas familiares sobre os dramáticos días do golpe do 36 e dos anos inmediatos da posguerra na comarca de Cobres foi fundamental para darlle un fío coherente e veraz ao relato daqueles días tráxicos. Desgrazadamente, parte do material arquivado por José Casal e Roxelio Calvar (carnés, bandeiras, documentos, etc.) perdeuse de forma incomprensíbel nos últimos anos das súas vidas. Aínda así, puidemos rescatar algún documento e material gráfico que incorporo neste relato. O traballo de documentación rematou coa consulta, no Arquivo Militar Intermedio Noroeste de Ferrol, da causa sumarísima 116/37 na que consta que Pepe, Roxelio e Belarmino (e outros camaradas e veciños republicanos) foron condenados de forma discrecional por "rebelión militar" a cadea perpetua tras o golpe de estado fascista.

Da entrevista quedan dúas cintas de casete, cunha pésima sonoridade, e o recordo da vitalidade do meu tío avó Roxelio que reviviu aquela época heroica coa forza que o caracterizaba e a esperanza de que os novos tempos lograran alcanzar algo dos seus antigos soños, perdidos entre as brétemas da memoria e o sabor amargo da derrota, pero cheos de heroica dignidade. Sinalar por último, nesta referencia ás fontes documentais, que unha versión deste relato-crónica titulado *Soños, derrotas e outras historias*, forma parte do meu libriño *Memorias da brétema* publicado en 2018 por Círculo Rojo. Por último, en setembro

de 2022, nun acto dedicado á memoria dos Carrapuchos no adro de Santa Cristina de Cobres, anunciouse pola Asociación de memoria histórica A Regaduxa de Vilaboa e a deputada de Memoria Histórica, María Ortega, o inicio dos traballos de publicación do manuscrito de José Casal. Daquela, renovei o meu compromiso de contribuír a que a fermosa loita dos nosos devanceiros, chea de afouteza, non caese no esquecemento. Por iso, foi un pracer aceptar o ofrecemento de Luís Bará, membro do colectivo A Regaduxa, de darlle o oportuno contexto histórico á edición do manuscrito de José Casal, que agora edita a Deputación de Pontevedra.

Finalmente quero deixar constancia da colaboración entusiasta da filla de José Casal, *o tío Pepe*, Lucrecia Casal, da súa neta Teresa e dos seus netos Manolo e Carlos Casal. De igual modo, agradecer a xentil colaboración de Rafael Riobó ao facilitar o acceso ao seu arquivo fotográfico. O mesmo agradecemento á miña nai Elisa Casal, ao tío Aurelio e á familia de Roxelio Calvar, á súa filla Elisa e ao seu neto Luís, que facilitaron unha parte considerábel das fotografías e outros documentos familiares que incorporo nesta aproximación a aqueles tempos dramáticos da primeira metade do século XX na bisbarra de Cobres.

Febreiro de 2023

Alberte Blanco Casal

## *I. Os antecedentes históricos*

*Van matarnos, pero venceremos*

Galicia Mártir (Castelao 1937)

A Galiza de fins do XIX era esencialmente un país rural, tanto polo escaso número de habitantes de vilas e cidades, como pola dedicación agraria da maioría da poboación. A crise creada polo colapso do sistema económico do XVIII, agravada *in extremis* polo regresivo sistema de foros e as pragas na agricultura, levou a unha situación límite á xente labrega —cargada de trabucos, embargos, levas militares e sometida a todo tipo de penalidades-, mais tivo a importante virtude de impulsar o espertar da intelectualidade galega que se aplicou con afouteza na denuncia das inxustizas e do atraso social, político e económico do país. Do ámbito do pensamento pasouse axiña á acción social, coa aparición de líderes agrarios antiforalistas dispostos a articular medidas de organización e loita para saír daquela penosa situación. Rosalía fixérase eco desa traxedia naquel famoso poema: "Vendéronlle os bois,...", como despois Curros, Leiras Pulpeiro ou Cabanillas e moita outra xente da escrita e a poesía galega da época.

A prolongada crise dese sistema de produción agrario chega ao seu punto máximo no último cuarto do XIX. Foi unha época convulsa, de enfrontamentos violentos e de intensa sangría migratoria, cunha media anual de case 17.000[1] habitantes escapando das cargas forais, da fame e do subdesenvolvemento máis severo. Naquela altura Lamas Carvajal denunciaba con dureza o drama do rural galego axudando a conformar a idea de que era necesario organizarse, espallando o seu ideario a través do semanario *O Tío Marcos da Portela* ou con folletos de gran difusión e aceptación popular como *O Catecismo do Labrego*[2]. Hai investigacións que sinalan unha difusión de catro mil exemplares vendidos, un grandioso éxito editorial naquela Galiza atrasada de finais do XIX. A crítica situación afectaba tamén á burguesía arrendataria dos foros e dependente de quen realmente representaba a propiedade, a aristocracia e a fidalguía foralista, que tiñan o empeño de manter esa decadente figura, vestixio espurio do Antigo Réxime. Neste contexto, a loita labrega antiforalista pasou, tamén, a ser unha necesidade da burguesía intentando atraer o campesiñado á súa loita 'común' contra "os señores", transcorrendo esta alianza con enormes contradicións. A nova burguesía estaba máis interesada no desprazamento histórico "dos antigos señores", para ocupar o seu lugar sen demasiadas estridencias, que nun proceso revolucionario. Este é o contexto no que aparece o movemento agrarista, enchéndose o país de sociedades agrarias nun intento de facerse coas terras, defenderse dos trabucos e saír do subdesenvolvemento máis atroz. Entre tanto, outros sectores estaban máis interesados en concentrar máis riqueza e poder. Pontevedra, foco primixenio da loita contra os trabucos abusivos —a

1 Rodríguez Galdo, MªX et al. *Galicia en la transición migratoria española. Presencia exterior y retorno.* 2010.

2 Durán, J.A. *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego* (1875-1912). Sigo XXI editores. Madrid, 1977.

parroquia de Salcedo fora testemuña dun sanguento enfrontamento coa Garda Civil en 1894, con tres mortes entre a veciñanza—,é o concello que se estrea na fundación en 1896 —en Lérez e Marcón— da primeira sociedade agraria da man de líderes do ámbito obreiro, republicano e socialista. O caciquismo liberal, representado por nomes da talla de Montero Ríos ou do Marqués de Riestra, que recean do funcionamento democrático e asembleario das asociacións agrarias, intenta asimilar ou, no seu caso, obstaculizar e limitar as demandas do agrarismo, e en última instancia frear o desenvolvemento asociativo se non resulta funcional aos seus intereses. A coincidencia, cada vez máis frecuente, de importantes liberais coa Igrexa e os perfís conservadores máis reaccionarios —nas políticas represoras e mesmo na estratexia foral— fai que o movemento campesiño escore cara a posicións socialistas, republicanas e galeguistas. Fronte a unhas iniciais reivindicacións de tipo moderado vaise impoñendo no movemento a tese da redención forzosa dos foros —con sectores partidarios da abolición— e a eliminación de privilexios das clases altas. En 1900 prodúcese unha eclosión agrarista nos concellos de Vigo e de Lavadores[3] dando lugar á creación de sociedades agrarias en numerosas parroquias da área de influencia viguesa. As parroquias de Teis e de Lavadores, pertencentes a este antigo concello, converteranse co tempo en verdadeiros focos de intensa actividade social, mesmo revolucionaria, proxectando a súa influencia sobre toda a ría de Vigo. O Directorio de Teis, que agrupaba numerosas sociedades agrarias, galvanizará coa súa acción anticaciquil a moita mocidade e servirá de exemplo para os futuros retos do movemento labrego e obreiro. O incremento da actividade agrarista é coincidente no tempo cunha das maiores vagas migratorias do país que, nas primeiras décadas do século XX, produce unha sangría de

3 Durán, J.A. Op.cit.

máis de 28.000 emigrantes anuais[4] reducindo de forma dramática a poboación máis dinámica do país. Este dato reflicte unha situación de emerxencia nacional deixando ao descuberto un sistema incapaz de ofrecer unha vida digna a unha parte considerábel da sociedade. Non resulta sorprendente que, fronte a esta crítica situación, unha grande maioría opte pola emigración ao non ver futuro na Terra. Non obstante, é preciso subliñar que quen se queda non renuncia a loitar polos seus dereitos. A pesar da forte represión gobernativa —mediante a Garda Civil— e eclesiástica —excomungando a calquera persoa sospeitosa de participar en reunións socialistas—, as sociedades parroquiais medran e vanse federando no ámbito municipal e provincial e proseguirán coa súa loita ata máis alá de 1926, ano da regulación definitiva da redención foral por Primo de Rivera, que só solucionaba parcialmente o problema. O activismo agrarista pontevedrés esténdese polo Morrazo e as comarcas limítrofes. Así é como se produce a creación das primeiras sociedades en Vilaboa e a posterior federación, que se constitúe en 1903[5], sendo unha das primeiras experiencias dese tipo, unindo as cinco sociedades parroquiais do concello.

A cidade de Vigo xa era o foco máis dinámico da economía galega a finais do XIX, en competencia con A Coruña, que ía cedendo o seu liderado, aínda importante no ámbito comercial, pero decadente no industrial, sector no que a cidade da oliveira amosaba os seus trunfos na industria naval, na conserva e na pesca, ademais do florecente tráfico marítimo transatlántico e europeo. Ao tempo, ese dinamismo industrial movía a outros sectores, como a construción, e aceleraba a expansión demográfica de toda a contorna. Como ocorría no resto da península, en Europa ou nas Américas, o desenvolvemento industrial levaba aparellado

4 Rodríguez Galdo, Mª.X. Op.cit.
5 Durán, J.A. Ibidem.

o xurdimento dun novo estamento social: a clase obreira. A necesidade crecente de man de obra e as condicións de explotación case escravista de boa parte da patronal serviu para concienciar á xente traballadora de que as súas condicións laborais só se poderían mellorar se se organizaban en sindicatos. Así foi como o movemento obreiro vigués de principios do século XX actuou como un imán sobre centos e centos de mozos e mozas da súa zona de influencia e, especialmente sobre quen, procedente de concellos da ría de Vigo, acudía á dinámica cidade a traballar nos seus estaleiros, na conserva ou noutros sectores económicos.

A mocidade de Cobres realizaba a viaxe á outra beira da ría no mítico barco de pasaxe Cantabria dende Santardán, ou en lancha entre Domaio e Chapela. Aprenderon a organizarse e descubriron que era posíbel lograr cambios nas súas severas condicións de traballo se enfrontaban as demandas laborais nun sindicato forte. O contacto coa actividade sindical levou a que desen un paso máis. Os verdadeiros cambios non se ían producir só cunha loita de tipo sectorial, era preciso organizarse no ámbito político e conquistar o poder nas institucións representativas para que os cambios fosen cualitativos e puidesen mudar a estrutura económica e a distribución da riqueza. Case en paralelo co desenvolvemento sindical da industria xorde o movemento agrario como instrumento de defensa contra o caciquismo. Moita da mocidade que entra en contacto coas sociedades obreiras de Vigo ou Pontevedra participa activamente nas sociedades agrarias dos concellos máis afastados da ría. Era un proceso lóxico porque seguían practicando a agricultura, cultivando a terra, coidando os rabaños de ovellas e o resto do gando, elementos basilares da economía rural.

Ademais, as sociedades agrarias e obreiras abríanlle as portas a un mundo novo, cheo de oportunidades, ligado aos movementos progresistas de toda Galiza e, por extensión, aos españois e do resto de Europa.

REGLAMENTO

DE LA

**Sociedad de Obreros en Construcción Naval**

—DE—

**San Adrian de Cobres**

## OBJETO

Articulo 1° Esta Sociedad tiene por objeto asociar a todos los obreros que trabajen en los Astilleros de San Adrián e inmediatos a esta parroquia.

Art. 2.° Esta Sociedad buscará por todos medios legales los recursos de que con frecuencia carece el obrero para cubrir las necesidades de subsistencia y falta de trabajo. Solo por la acción benéfica de la asociación y haciendo solidarios esfuerzos conseguiremos los trabajadores realizar nuestra emancipación económica y social.

Art. 3.° Fuera de este objeto y del que el tenga relación directa, ésta asociación no difunde principios económicos determinados, no pertenece a ningún partido político, no profesa religión alguna determinada, todos

L1. Primeira páxina do regulamento da Sociedade de carpinteiros do naval da parroquia de Santo Adrián de 1920.

Segundo Roxelio Calvar, é moi probábel que en Santo Adrián se formasen as primeiras organizacións obreiras arredor de 1914 da man de obra do antigo estaleiro de Cortegoso que compatibilizaba labores co de Sanxurxo en Vigo, igual que facía o propio Cortegoso, mestre de carpintería naval no estaleiro vigués. Nesta primeira etapa a afilicación era á Sociedad de Obreros de la Construcción Naval de Vigo da UXT. O investigador de Cobres Anxo Cortegoso encontrou uns dos exemplares do regulamento desta sociedade, datado en 1920 segundo se aprecia na imaxe L1.

Na última páxina deste documento figuran os seus promotores: Manuel Prieto, Manuel Portela, Xosé Somoza, Serafín Fernández e Adolfo Pequeño e o seu local social situábase no inmoble número 20 de Pousada. Entre os seus múltiples problemas e necesidades a xente das aldeas identificaba, como unha das principais causas do seu atraso, a inexistencia dunha rede de escolas cunhas instalacións que reunisen unhas mínimas condicións hixiénicas e pedagóxicas. En teoría, ese problema debería estar case solucionado, pero a famosa lei Moyano[6] de educación aprobada en 1857 —dúas escolas elementais por cada 500 habitantes— aínda non se cumpría no ámbito rural na época de Primo de Rivera, e menos en Galiza, sempre marxinada e coa dificultade dun hábitat disperso caracterizado por un alto número de entidades de poboación.

Da situación educativa na España daquela pode dar unha idea o feito de que a creación do Ministerio de Educación se producise nunha época tan tardía como é 1900 e iso grazas á presión exercida —durante o último terzo do XIX— polos novos movementos pedagóxicos progresistas, como a Institución Libre de Ensinanza e as Asociacións

6 Bello, Luis. *Viaje por las escuelas de Galicia.* Editorial Akal. Madrid, 1973.




L2. A zona sur de Cobres (Santo Adrián), co Atador da Maceira e o peirao en primeiro plano. C. 1950. Arquivo Xeral do Porto de Vigo. Fotografía reg. 00102 de Estudios Valín, publicada con permiso da Autoridade Portuaria de Vigo.

Pedagóxicas Galegas, nas que destacaba a de Pontevedra. Así é como en 1915 se inicia a construción, da man da Sociedade de Agricultores de Santo Adrián, da Casa do Ribeiro coa idea de dedicala a escola veciñal e lugar de reunión, mais o obxectivo era demasiado ambicioso e os cativos petos solidarios das familias labregas non chegaron para rematala. Para evitar que o esforzo ficase baldío cederon a construción para a instalación dunha escola pública mixta que se inaugura en 1933 nunha visita do inspector de ensinanza Alvarez Limeses[7]. Nesa escola exercerá de mestre Xosé Meis Martínez que será fusilado durante os primeiros anos da sublevación franquista. Ata entón, o local da escola parroquial cambiaba cada certo tempo de Santardán para Pazos e viceversa como se sinala na revista do maxisterio galego de 1891.

7 *El País: diario republicano de la tarde*, Pontevedra. 1933.

Roxelio Calvar, ligado dende moi novo ao movemento obreiro en Santo Adrián, era un deses mozos con inquedanzas, igual que os seus curmáns Pepe e Belarmino. Como moitos outros, Roxelio trasládase a Vigo nos anos vinte e entra nos estaleiros de Roberto, na Riouxa de Teis, onde traballara o seu irmán maior, xa falecido. Alí entra en contacto con dirixentes sindicais da UXT, como Agustín Eiroa, e encárgase de xestionar a construción da Casa da Sociedade de Agricultores de Santo Adrián no Carballal (Curra), finalizada en 1928. Como consecuencia do rápido incremento de afiliacións, en 1927, a sociedade obreira de Santo Adrián independízase da comarcal de Vigo. Así mesmo, a Sociedade de Agricultores dispuña dunha delegación en cada parroquia de Vilaboa constituíndo unha federación municipal integrada na federación comarcal de Lavadores, segundo sinala Roxelio.

A actividade da federación era moi intensa e en 1930 tense noticias dun "acto agrario" en Santa Cristina de Cobres onde participan os oradores Paz-Andrade "abogado autonomista" e o "compañeiro Moledo" do PSOE, ambos de Vigo[8]. Nesas datas prodúcese unha protesta da Sociedade de Agricultores de Vilaboa sobre as dificultades para a consulta do censo electoral queixándose de que só se lles permitía exercer ese dereito nos días laborábeis, algo moi complicado para a maioría, pois neses días tiñan que atender as actividades agrícolas. O redactor acaba a noticia dun xeito moi curioso: "*¿Qué habrá en ese censo futuro, que parece más misterioso que un cuento electoral, que esas narraciones en las que votan los muertos y triunfan los… muy vivos?*[9]. Despois da negativa do xuíz municipal de facer a consulta en domingo solicitaron, nun escrito dirixido ao gobernador, poder facelo os festivos. En Vilaboa o principal dirixente da federación era Manuel Rodríguez Ríos da parroquia de Acuña —coñecido popularmente

8 *El Pueblo Gallego*, 9 de outubro de 1930.
9 *El Pueblo Gallego*, 10 de setembro de 1930.

coma Ríos— candidato a deputado en 1931 e seguintes lexislaturas. Ríos era unha persoa moi activa, de militancia comunista.

A sociedade agraria mantiña unha gran actividade asociativa dende o seu comezo. Xa en 1913 está documentado un mitin onde participaron os principais dirixentes da Federación e nesa xuntanza foi elixida a xunta directiva de Santo Adrián que recaeu en Luís Estriberos como presidente, Manuel Cortegoso Ríos como vice-presidente, secretario Manuel Prieto e vocais Francisco Casal, Xosé Somoza e Manuel Cortegoso Santoro. Como se observa, parte dos dirixentes da Sociedade de Agricultores coinciden cos da sociedade do sector naval. En 1913, durante unha visita a Pontevedra, esta directiva -xunto ás demais autoridades e representantes das forzas vivas do concello- fixo xestións ante o conde de Bugallal, deputado gobernador en Cortes polo distrito de Pontecaldelas ao que pertencía Vilaboa, para tratar asuntos relevantes como a activación da construción do terceiro tramo da estrada de Cangas a Vilaboa ou a creación dunha oficina de correos en Cobres[10]. Igual aconteceu en 1914 nunha visita ao senador liberal vitalicio Marqués de Riestra[11] manifestándolle a comisión o seu apoio ao novo deputado por Ponte Caldelas Raimundo F. Villaverde. Tanto nesta recepción como nunha anterior formou parte do comité de recepción, xunto ao resto das autoridades municipais, o xuíz de paz Manuel Blanco Lois, "Xan Branco" un destacado personaxe do caciquismo liberal na zona de Cobres.

Antes do golpe de estado franquista a Sociedade estaba presidida por Ramón Fernández e colaboraban os seus irmáns Francisco e Adolfo da Fina, ademais de Manuel Prieto. Segundo Roxelio Calvar, a sede da

10 *La Correspondencia Gallega, Diario de Pontevedra,* 19 de outubro de 1913.
11 *La Correspondencia Gallega, Diario de Pontevedra*, 1914.

agrupación agraria estaba inicialmente na casa de Enrique de Paredes, preto do Castelo das Ubeiras. A chegada da II República é saudada con fervor pola maioría da sociedade veciñal e os compromisos políticos co novo réxime democrático medraban día a día. En xuño foi nomeado alcalde de Vilaboa Francisco González, propietario do estaleiro da Area, de Santardán, un home de consenso respectado por toda a veciñanza. Son tamén nomeados concelleiros os veciños da parroquia Manuel Portela Fernández e José Casal García[12]. Así e todo, as incompatibilidades co seu negocio levan a Francisco a dimitir en decembro, pasando a ocupar a alcaldía Manuel Acuña. O 25 de xullo de 1931 Roxelio ingresa nas Xuventudes Socialistas en Vigo, tiña 27 anos. Nese mesmo ano créase en Santo Adrián a agrupación socialista da que pasa a ser o seu primeiro presidente —formando parte do comité provincial de Pontevedra— e seu primo, Pepe Casal, é elixido secretario. Desta maneira, os principais dirixentes socialistas da parroquia son case en exclusiva do clan familiar dos Carrapuchos, insubmisos coa inxustiza e coa opresión política. Os mesmos cargos son tamén exercidos por Xosé e Roxelio na Sociedad de Obreros en Construcción Naval evidenciando a estreita relación, naquela altura, de partido e sindicato. Contaban con máis de corenta militantes, a maioría dos mozos da parroquia. Nesa época a influencia sindical na UXT repartíase entre socialistas, na comarca de Vigo, e comunistas en Pontevedra. A CNT dominaba a afiliación, en solitario, no traballo do mar. A evolución da Sociedade de Agricultores fai que se converta nunha auténtica asemblea veciñal —o que temían os caciques de principio de século e os seus herdeiros— onde se decidían democraticamente todas as cuestións de certa relevancia, como demandas de servizos e obras sociais, ademais de todo o relativo aos procesos electorais, designando

12 *El Pueblo Gallego.* 20 de xuño de 1931.

de forma democrática as candidaturas para os diferentes comicios e organismos locais ou provinciais.

A actividade política naquela altura era moi activa e o funcionamento asembleario implicaba ao conxunto do movemento asociativo, sindical e político. Un acto celebrado en Vilaboa en 1932, na sede da Sociedade Agraria Municipal, ilustra de forma moi significativa esta tendencia. Daquela, xuntáronse a Sociedade Agrícola de Figueirido, a de Oficios Varios de Vilaboa, a Agraria de Bértola, a Radical Socialista de Santa Cristina, a Sociedade Agraria de Santo Adrián e as Xuventudes Socialistas desa parroquia. Representaban en conxunto a mil duascentas persoas do concello. O presidente daquela asemblea era Manuel Rodríguez Ríos, e como secretarios exercían Manuel Ruzo Boullosa e Roxelio Calvar. Por unanimidade, acordouse formar unha fronte única e marchar de común acordo nos asuntos locais, deixando liberdade para afiliarse a calquera partido político dentro da nova Federación de Esquerdas. Acordaron solicitar a inmediata reposición do xuíz municipal González Villaverde, ademais de protestar pola importación de gando en Galicia, actividade que causaba "grandes danos ao labrego galego". A asemblea popular tamén se manifestou en contra do imposto que a Deputación Provincial tiña pensado impoñer á extracción de madeira. Ademais, solicitaron a resolución do "asunto foral galego" e unha insólita demanda: solicitar do ministro de Xustiza que as casas reitorais fosen concedidas para locais de escolas. Outras demandas eran a libre destilación da caña de augardente, solicitar do concello a imposición dun arbitrio ás campás do termo municipal e esixir a creación de seis escolas no concello. Todas estas reivindicacións foron cursadas aos ministros de Xustiza, Agricultura e Instrución Pública mediante os correspondentes telegramas[13].

13 *El Pueblo Gallego*, 2 decembro de 1932.

A actividade agraria non se limitaba ao ámbito parroquial ou municipal, o seu gran dinamismo queda patente coa asistencia da Federación de Vilaboa, a Sociedade de Agricultores de Santo Adrián e Bértola, e a Unión Agrícola de Figueirido, ao Congreso Agrario Provincial convocado pola Federación Agraria de Lavadores en marzo de 1932[14] e celebrado en xuño dese ano. Este congreso designou un Consello Directivo provisional[15] entre os que figuraban de delegados por Vilaboa Angel Peón e Roxelio Calvar, de Santo Adrián, dato indicativo da importancia organizativa do movemento agrarista de Cobres e do liderado de Roxelio naquela altura. Durante os anos 33 e 34 prodúcense masivas manifestacións populares organizadas pola Federación de Agricultores contra o secretario municipal de Vilaboa, un individuo impopular e reaccionario. Nunha ocasión, segundo manifesta Roxelio, chegaron a concentrarse máis de 3.000 persoas fronte á Casa Consistorial impedindo o seu acceso ao concello. Producíronse momentos de gran tensión cando foron cercadas pola Garda Civil. Finalmente, o capitán da compañía, ao observar a actitude decidida da veciñanza, desistiu e abandonou o cerco.

14 *El Tea, semanario independiente*, 3 de marzo de 1932.
15 *El Tea, semanario independiente*, 23 de xuño de 1932.

## *II. A Revolución do 34 e o intento frustrado de asalto ao cuartel de Figueirido*

O primeiro gran reto de transcendencia extralocal co que deben enfrontarse as novas organizacións populares republicanas é a Revolución do 34. O marcado dereitismo do goberno central e o discurso totalitario de Gil Robles, líder da CEDA, fai reconsiderar a estratexia parlamentaria a dirixentes do PSOE, como Indalecio Prieto e, especialmente, a Largo Caballero que asume en xaneiro de 1934 a presidencia do PSOE, ademais de manter o cargo de secretario xeral da UXT. Este dirixente era partidario da vía insurreccional e contaba cun amplo apoio no partido, no sindicato e nas Xuventudes Socialistas. Dende Madrid ordénase a constitución de comités revolucionarios e a formación de milicias populares formadas "polos individuos máis combativos do partido" e prepárase a insurrección. O plan consistiría, en esencia, na convocatoria dunha Folga Xeral Revolucionaria e a toma dos centros de poder, civís e militares, segundo o catón da época. Pero algúns dos elementos básicos dun movemento revolucionario insurreccional clásico —planificación realista e suficientes continxentes organizados de apoio popular armado— ou alternativamente o apoio de parte do exército e a garantía de subministro de armamento, fallaron de



L3. Pola esquerda, sentado, José Casal, e de pé Belarmino Casal e Roxelio Calvar Casal,
dirixentes das mocidades socialistas de Santo Adrián (Vilaboa).
Fotografía realizada pouco antes do golpe fascista de 1936 e cedida pola familia de Roxelio Calvar.

forma estrepitosa. Os hipotéticos aliados militares non se involucraron e importantes depósitos e alixos de armas foron descubertos en setembro pola Policía e a Garda Civil anulando ou debilitando a formación de milicias populares, ademais de alertar ao goberno dereitista. A folga xeral convocouse para o 5 de outubro. Heraclio Botana, deputado en 1931 e membro do Comité Revolucionario de Vigo[16], encargoulle a Roxelio a participación, xunto a outros continxentes socialistas da provincia, na toma do cuartel militar de Figueirido. A tal efecto foi formado en Vilaboa un grupo, integrado por unha ducia de militantes das Xuventudes Socialistas, co obxecto de inutilizar as vías de comunicación na zona de Cobres e dirixirse ao cuartel para colaborar no seu asalto e control.

A organización do golpe revolucionario levouse con tal segredo que o comando de asalto foi informado polo dirixente socialista dos detalles da operación cando ían en camiño. Roxelio veu directamente dende Vigo ata Santardán en barco e ás 12 da noite do día 4 púxose á fronte do operativo en Cobres. Aquela acción só se podía comprender pola mocidade de quen participaba, os ecos da Revolución Rusa e a concepción romántica da revolución: só contaban cunhas poucas escopetas e o apoio dalgúns soldados do cuartel. Pouco antes de chegar á instalación militar un contacto de Pontevedra xa puxo o grupo ao corrente da situación cun lapidario "o asunto está fracasado", segundo relatou Roxelio, así que volveron polo seu camiño, pero aínda tiveron ánimo para executar algúns actos de sabotaxe tal como estaba previsto. Cortaron árbores na zona da Regaduxa e atrancaron a estrada Vilaboa-Cangas. Outro comando, probabelmente de Domaio, encargouse de facer o mesmo na zona do Aradoiro e seguiron coa folga xeral ata o fracaso total da acción revolucionaria uns días despois.

16 Abad Gallego, Xoan Carlos. *Cen personaxes en torno a unha guerra.* Instituto de Estudios Vigueses. Vigo, 2008.

O fracaso traduciuse na detención de numerosos dirixentes socialistas da comarca viguesa, entre eles Heraclio Botana, responsábel político de Roxelio e demais militancia de Santo Adrián. Afortunadamente, a vaga de detencións non se estendeu a Vilaboa e quen participara no abortado e clandestino intento de asalto ao cuartel de Figueirido quedou no máis absoluto anonimato e a salvo da represión posterior. Quizais este dato poida ser significativo para entender por que durante as primeiras semanas do golpe fascista de 36 Roxelio e os seus curmáns puideron permanecer relativamente á marxe da represión máis severa desenvolta nese primeiro momento, e a súa posterior "boa sorte".

## *III. A Fronte Popular, o golpe fascista e a represión do 36*

Na campaña electoral de febreiro de 1936 visitan Santo Adrián persoeiros da relevancia de Castelao e outros dirixentes pontevedreses da Fronte Popular coma Ramiro Paz e Xosé Adrio Barreiro. Os mitins celebrábanse na antiga Escola do Ribeiro (Pousada) e a organización era responsabilidade da Sociedade de Agricultores á que pertencía a maioría da veciñanza. Daquela, o seu secretario era Pepe Casal, que presidía tamén as Xuventudes Socialistas. Roxelio Calvar seguía co seu traballo de activista e mantiña contacto cos galeguistas Castelao e Paz Andrade, os socialistas Guiance Pampín e Heraclio Botana, o republicano Xosé Adrio Barreiro e o agrarista Alonso Ríos. Todos eles eran candidatos e algúns participaron en Vilaboa nos actos das eleccións xerais de febreiro e na campaña do Estatuto no verán dese mesmo ano. O principal orador local era Manuel Rodríguez Ríos, dirixente da Federación de Agricultores. A principios dese ano unha ampla representación da Sociedade de Agricultores de Santo Adrián xestionou en Pontevedra a reconstrución do peirao, daquela en mal estado, "una antiquísima aspiración que parecía condenada a no realizarse nunca"[17]. Nese primeiro semestre de 1936 produciuse un

17 *El Pueblo Gallego.* 21/01/1936.




L4. Xuntanza dalgunhas agrupacións das mocidades socialistas da provincia de Pontevedra. Na foto, algúns membros da Mocidade Socialista de Santo Adrián de Cobres: Belarmino Casal(1), Pepe Casal(2) está agarrando o mastro do estandarte das Xuventudes Socialistas de S. Adrián, e Roxelio Calvar(3). Xullo de 1936. Fotografía cedida pola familia de Roxelio Calvar.

gran desenvolvemento organizativo parello cun alto compromiso político coa causa da República. A comezos do verán comezaron a escoitarse rumores sobre un posíbel golpe militar. Ese asunto era motivo de preocupación entre a xente —que xa era consciente do deterioro político e do ambiente enrarecido polas provocacións fascistas— e a situación política chegou a debaterse nunha xuntanza na Casa da Sociedade do Carballal. Un asistente, o contador da Sociedade de Carpinteiros, ao fío da discusión que se suscitou, propuxo que "os cartos que temos na caixa o mellor será metelos en pistolas e matar

a todos os patróns" ante a sorpresa do resto. Era Ramón do Pozo, un sindicalista do barrio de Curra.

O 18 de xullo, cando se coñece a sublevación dos militares, Roxelio estaba en Vigo sendo testemuña das primeiras mobilizacións populares en defensa da República e da convocatoria de Folga Xeral. Despois trasládase a Santardán e participa na organización dun grupo de militantes para marchar a Pontevedra co obxecto de colaborar na defensa da cidade. O cóengo de Compostela Manuel Silva Ferreiro relata no seu libro "Galicia y el Movimiento Nacional" a súa particular visión daqueles acontecementos:

> "En el ayuntamiento de Vilaboa, al igual que todas las parroquias de la zona este de Pontevedra, no faltaron gentes del Frente Popular que, unidas por perversos ideales de índole comunista, se dedicaron a la requisa de armas y automóviles y a la recluta de gentes, los días 19 y 20 de julio.
>
> La "Sociedad de Bértola" representada por su presidente Manuel Pesqueira Valladares, "Sociedad Obrera de Vilaboa" y "Sociedad Obrera de S. Adrián" prestaron los elementos encargados de llevar a cabo las absurdas disposiciones de la primera Autoridad provincial, con la que estaban en perfecto acuerdo y en relación constante.
>
> Con la cooperación de unos y otros —José Mella Peleteiro y Celestino Arosa San Martín en Bértola, Eligio Rey Freijanes en Vilaboa (este sujeto decía después del fracaso que la culpa de todo la tuviera él por no haber cortado la cabeza al Secretario de Ayuntamiento de Vilaboa y a cuatro más) y otras parroquias del Municipio, Belarmino Casal Fernández y Francisco Fernández Fernández en San Adrián, y Manuel Rioseco Baltasar en Santa

Cristina de Cobres— llegaron a formarse varias expediciones de gente armada que, bajo la jefatura de José Casal Fernández, fueron transportadas a Pontevedra para, con sus fuerzas, contribuír a la maga empresa de … mirar desde lejos, como media docena de soldados se hacían dueños de la población”.[18]

Este cronista "nacional" sinala no seu libro, nun intento de descualificar á xente leal á República dese concello, que en marzo de 1937 Vilaboa contribuíra ao *Movimiento* con 5.011 pesetas, ademais de subministrar 14.000 quilos de víveres e 36 cabezas de gando.

A confusión naqueles primeiros momentos do golpe fascista era total e as iniciativas persoais, coma a de Pepe Casal e Roxelio, poden considerarse indicativas da enorme valentía das bases militantes. Non obstante, débese recoñecer que o efecto sorpresa do golpe militar resultou demoledor amosando a debilidade das organizacións antifascistas e o fracaso das autoridades republicanas na previsión e detección do levantamento militar. Ás cinco da tarde do 20 de xullo, á altura do Pino, as persoas que viaxaban nun ómnibus procedente de Bueu xa lles avisan de que Pontevedra estaba tomada polos militares e que en Marín fora mobilizada a Base Naval. Esta terríbel noticia fai que desistan do seu empeño e regresen a Vilaboa. Foi unha decisión intelixente, o contrario sería un suicidio porque carecían de apoios suficientes e de medios adecuados para ofrecer unha resistencia ao levantamento militar. Nos días seguintes ao golpe intentan volver ás súas actividades laborais e agardar instrucións das organizacións políticas e sindicais. En Vigo, Roxelio observa como a bandeira republicana aínda segue ondeando na Casa do Concello, feito que se prolongará ata mediados de agosto. Nesa época, á semana do levantamento militar, é testemuña da descarga

18 Silva Ferreiro, Manuel. *Galicia y el Movimiento Nacional*, 1938.

dunha gran cantidade de material bélico pesado dun barco italiano nos peiraos do Areal. Aos quince días do golpe Roxelio volve traballar en Vigo. El e os seus curmáns decátanse de que non había posibilidade de reorganizarse cun mínimo de éxito, os principais líderes foran detidos ou estaban fuxidos, as organizacións políticas e veciñais desarticuladas e os seus locais sociais intervidos. A partir do golpe, Pepe Casal é obrigado a presentarse no cuartel da Garda Civil de Moaña en días alternos. O sarxento invítao a que se poña baixo o seu mando e que colabore con eles, así non tería nada que temer. Casal négase e respóndelle que xamais fará iso, prefire morrer antes que traizoar a República e os seus ideais. A represión aumenta co paso dos días e a primeiros de agosto preséntanse —ás cinco da tarde— dous individuos no estaleiro da Area, onde traballaba Pepe, e dinlle que debe acompañalos ata o cuartel de Moaña, pero el respondeulles, con firmeza, que xa o fixera pola mañá. Afortunadamente, desistiron de seguir coa súa sinistra operación.

Casal sempre sospeitou que o viñeran "pasear" porque naqueles días comezaron a desaparecer algúns compañeiros seus, como Chuquiño de Domaio, ademais de ter coñecemento de malleiras a diversos membros das sociedades e das famosas sesións de aceite de rícino. Había tiros todos os días e xa presenciaran, na Costiña, unha fuxida dalgúns homes, entre eles o mestre Xosé Meis, ameazado de morte. Foi naquela altura cando ocorreu o incidente con Aurora Calvar, irmá de Roxelio e prima de Casal. Fora lavar a roupa á fonte do adro e cando ía de volta para a casa pasou unha camioneta cargada cunha cuadrilla de falanxistas.

—Arriba España! —berrou a tropa de camisas azuis.

Ela levaba a talla da roupa na cabeza agarrada cunha man, na outra levaba o xabón. Daquela, a veciñanza estaba avisada de que debía levantar

o brazo facendo o saúdo fascista diante das autoridades ou cando se oíse o famoso berro da Falange. Aurora, na súa tribulación, ergueu levemente a man que tiña libre, pero co xabón agarrado. Para os falanxistas aquel xesto tiña outro significado.

—Parade o coche —ordenou un dos falanxistas—, unha comunista!

Aurora deuse conta do seu erro, pero xa era demasiado tarde. Con parte da súa familia ameazada, agardou o peor. A Casa da Sociedade pasou a ser o cuartel xeral dos falanxistas en Santo Adrián e ata alí levaron a Aurora. Despois de interrogala advertíronlle que pasase por alí o día seguinte para falar co xefe. Fíxoo, incluso repetiu a visita durante un par de días, pero nunca estaba o responsábel da cuadrilla. Un dos falanxistas —o sobriño de Don Cándido, o cura párroco— díxolle que fose para a casa, que xa a chamarían en caso necesario. Un día, pola noitiña, escoitaron golpes na porta e foi Manuel, o seu marido, a ver que pasaba. Era un grupo de falanxistas —capitaneado polo Pescadilla, un falanxista de Marín coñecido pola súa crueldade e fanatismo—, querían levar a Aurora por non presentarse no cuartel. Ela estaba na lareira facendo a cea, rodeada da súa descendencia e o seu home, e ao ver aquela cuadrilla de rufiáns arrimouse á artesa do pan, aterrada.

—A miña muller presentouse, durante varios días, na Casa da Sociedade —argumentou Manuel— como ordenastes, pero alí non estaba nunca o xefe e dixéronlle que fose para a casa.

Aurora estaba lívida, escoitara que a quen sacaban de noite non volvía. Comezou a marearse e acabou derrubándose, sen sentido, encima da artesa. O Pescadilla, co silencio cómplice dos dous sicarios que o acompañaban, veciños da parroquia, insistía en que debía presentarse

ao xefe da Falange. Manuel correu a atender a súa muller. El coñecía ben o locuaz falanxista, moi valente, coa súa pistola na man e convenientemente rodeado de sicarios armados, diante de familias aterrorizadas polos secuestros nocturnos e as alboradas de cadáveres polas estradas do país. Sorprendeulle o silencio covarde dos outros dous, veciños e coñecidos seus.

Un deles era Ramón do Pozo, o sindicalista que semanas antes quería mercar pistolas para liquidar os patróns. Ese home, igual que moitos outros oportunistas sen escrúpulos, era un dos máximos responsábeis da Falange en Santo Adrián —grupo inexistente ata entón na parroquia—, encargado de reprimir aos seus antigos camaradas. As criaturas do matrimonio choraban rogando que non levasen a súa nai. O estado de shock de Aurora acendeu a ira de Manuel, disposto a enfrontarse o grupo de desalmados se non desistían do seu propósito. A enorme tensión, acrecentada polos laios desesperados da descendencia, provocaron dúbidas entre os rufiáns. Por fin, decidiron marcharse, contrariados. Aurora estaba desmaiada, case sen pulso, e non reaccionaba aos requirimentos da súa familia. Tardaba tanto en recuperarse que nalgún momento temeron o peor e Manuel, vendo a súa muller naquel estado, tivo un arrebato de furia. Cheo de carraxe agarrou un coitelo coa intención de ir polos falanxistas, pero as crianzas pegaron del evitando que a noite acabase nunha traxedia. Aurora recuperouse do seu desmaio, pero aínda tiveron que recorrer a un veciño falanxista, antigo amigo da familia, Manuel Meira, de Pousada, un home tranquilo e razoábel, algo pouco habitual nas filas da Falange, para que a deixasen en paz. Non volveron molestala, pero aínda lle quedaban moitos sufrimentos e sustos que pasar á familia dos Carrapuchos.

Entre tanto, a Pepe Casal acusárano dun feixe de curiosos delitos. De ser presidente das Xuventudes Socialistas, secretario da Sociedade de

Agricultores, de participar coma interventor nas eleccións e de presidir manifestacións. Naquel mundo ao revés, o exercicio de actividades legais, outrora cívicas e honrosas, pasaban a ser condutas aborrecíbeis e condenábeis. Parecidas acusacións fixéronlles ao seu irmán Belarmino e a Roxelio. A represión sistemática en Vilaboa comeza a primeiros de setembro coa detención de homes, as rapas de pelo ás mulleres e todo tipo de agresións ás familias dos perseguidos. En agosto xa deran comezo os fusilamentos e xuízos sumarísimos, coa execución de persoas significadas do galeguismo e do socialismo, como Alexandre Bóveda e Heraclio Botana.

**Setembro, 1936**

Segundo relata José Casal no seu diario, o día 8 ás once da mañá apareceu na súa casa unha cuadrilla de falanxistas de Moaña ao mando do alemán Bruno, acompañado dun soprón de Domaio, un tal Paredes, encargado de subministrar datos para o interrogatorio. Rapáronlle o pelo a cero e despois rexistraron a casa, revolvéndoo todo, e levando consigo dous aneis de ouro, uns poucos duros "porque non había máis" e outras pertenzas persoais. Dixéronlle que ao día seguinte se presentase en Moaña con certa cantidade de diñeiro e os nomes de todos os que tiñan bicicleta. O tal Bruno Schweiger, un sicario sen escrúpulos, ordenoulle á súa muller Casilda, que choraba desconsolada co seu pequeno Pepiño no colo, que marchase a outro sitio se non quería que lle cortasen tamén o pelo como ao seu marido. Fixérono máis adiante. Roxelio xa fora avisado polo comandante da Garda Civil de Moaña, un home honesto co que mantiña boas relacións dende había tempo, de que ía ser "paseado" polos falanxistas, xunto cos seus primos, e que decidira detelos para intentar salvarlles a vida. Ás tres da tarde chega a Garda Civil á casa de Pepe cunha orde de detención asinada polo

xuíz instrutor e ordénanlle que localice o seu irmán Belarmino e o seu primo Roxelio, ademais dos veciños Francisco Fernández, Avelino Carracelas e Manuel Rioseco. Roxelio estaba no estaleiro de Barreras en Vigo, onde foi detido pouco despois e conducido a Pontevedra. A detención dos Carrapuchos causou unha fonda conmoción entre amizades, familiares e veciñanza. No lugar de Paralonga de Santardán, onde residía unha parte da familia, a nova foi recibida coma unha sentenza de morte, sabían moi ben o que acontecía pola contorna naquela altura. A atmosfera que se respiraba era de medo, desesperación e rabia envolta nun mar de bágoas. A pequena Elisa, con pouco máis de cinco anos, non comprendía ben o que estaba pasando e por que prenderan aos seus tíos. Intuía que estaba asistindo a un momento crucial da súa curta existencia e só pensou en fuxir daquel pesadelo. Unhas semanas antes xa asistira, en compaña da súa nai Aurora, a outro episodio traumático. Fora unha persecución a tiros de varios republicanos pola Garda Civil. Entre eles estaba o mestre Meis e outros activistas. Daquela, o responsábel da persecución ao vela chorar xunto á súa nai díxolle "*No te preocupes pequeña, que no pasa nada*". Ela non podía tranquilizarse, entre os escapados estaba tamén o seu pai Manuel e non paraban de pegar tiros. Aquela lembranza e o último episodio das detencións mergullouna nun estado de "shock". Foi así como lle deu por escapar da casa e irse ata a finca da Granxa, preto da casa do seu avó. Alí agachouse nun curruncho ata a noitiña en que o medo á escuridade espertouna do seu estado de conmoción. Cando volveu á casa ninguén se dera conta da súa longa ausencia, tal era o estado de tribulación da súa familia.

No empalme de Vilaboa o furgón onde ía preso Roxelio encontrouse cun nutrido grupo de detidos de Vilaboa, entre os que estaban os seus primos. En Figueirido incorporáronse outros coñecidos, como Xosé



Fechas

El dia 8 de Septiembre fuí detenido a las cinco y veinte de la tarde en Coya "Vigo" y de allí trasladado a Pontevedra a la carcel y no haviendo sitio nos llevaron á la Normal donde permanicí asta el dia 14 de Otubre que a las doce de la noche nos llamaron para traslazarnos al Lazareto y salimos asta Vigo y de allí nos trasladó el Vapor Vigo asta el punto de destino a donde llegamos a las cinco y media del dia 15. El dia 22 dí la primera declaración antí el Secretario militar Sr. Abundancia. El dia 15 de Enero del 37 a las doce del dia salimos para Pontevedra y a las tres de la tarde ingresamos en la

L5. Cuartillas manuscritas de Roxelio Calvar, redactadas na prisión do Lazareto en 1937.


carcel, en la C-4, y el día 26 de
Enero fui procesado ante el Juez
militar D. Luis Pontijas y del Real
y del Secretario que antes queda dicho,
y el día 27 fuimos trasladados al La-
zareto, y el día 6 de Febrero a las ocho
de la noche fuimos trasladado a la
carcel de Pontevedra en la que entramos
a la nueve y media de la noche
ingresando en la C-4, el día siete a
las doce fuimos a nombrar Defensor
nombrando a Don Juan José Artoz
y nos leyeron lo cargos, y nos comunicaron
que el día ocho a las cuatro de la tarde se ce-
lebraría el cosejo de guerra contra noso-
tros y así fué, y el día 13 nos trasladaron
al Lazareto. El día ocho de Marzo a las
nueve de la noche nos lleron a Ponte-
vedra llegando a la carcel y C-4, el día diez
firmamos la condena y trasladados al Lazareto. y el
día 18 fuimos fichados
Lazareto 18-3-37

L5. Cuartillas manuscritas de Roxelio Calvar, redactadas na prisión do Lazareto en 1937.

Mella Peleteiro e Manuel Pesqueira Valladares. Ás sete da tarde chegaron á Escola Normal, convertida en prisión polos fascistas, e son introducidos no soto da escola, xunto a varias ducias de detidos procedentes doutros concellos da provincia, e alí pasan a primeira noite de cativerio. Esa mesma madrugada chegan a Santardán os falanxistas de Moaña co obxectivo de deter os Carrapuchos e pasealos. Ignoraban a súa detención horas antes e a rabia polo fracaso levounos, o día seguinte, a facer unha razzia en toda a parroquia saqueando as casas e detendo a moita militancia da Sociedade de Agricultores, utilizando o seu antigo local social como calabozo e centro de tortura. Alí moitas persoas foron insultadas, ameazadas de morte e malladas. De volta á casa comprobaron que lles roubaran o pouco que tiñan. Era o seu peculiar botín de guerra: galiñas, viño, patacas, diñeiro e todo o que encontraban de valor. Despois celebraban grandes comedelas en memoria das súas vítimas. Así eran as hordas dos que se presentaban á sociedade como "*los defensores de la moral católica y de la familia*", segundo relata amargamente José Casal no seu diario. O 23 de setembro, ás 11 da noite, unha morea de xente liderada por destacados falanxistas pontevedreses intenta tomar a Normal, totalmente abarrotada de presos. Querían linchalos a todos. A actitude enérxica do cabo da Garda de Asalto impediu o masacre. Coa metralleta na man e rodeado doutros gardas advertiulles aos asaltantes que terían que pasar por encima do seu cadáver. Aos presos ordenoulles, por seguridade, que se apartasen das fiestras e arrimasen ás paredes. Roxelio, Xosé e os seus pensaron que non o contaban.

## Outubro

O día 15 á unha da madrugada tocan a formar e chámanos por lista, ata un total de máis de cen presos. Átanos con cordas, de dous en dous, e asignan a cada parella tres gardas. Pepe lembra ver á fronte dun dos

grupos de custodia a Víctor Lis Quibén armado cunha metralladora. Lis era o xefe da famosa Garda Cívica Local de Pontevedra, tristemente célebre polos seus "paseos" en toda a contorna. Montan os presos en autocares e forman unha expedición que os traslada ata o peirao de Vigo. Alí son embarcados no vapor de pasaxe "Vigo" e conducidos ao Lazareto —a illa de San Simón— situado fronte ás súas casas na outra beira da ría. Algunha xente de Lalín comentaba que os ían tirar "á illa" referíndose ás Cíes. Chegaron ás seis da mañá e foron os primeiros presos en ocupar o Lazareto "un espléndido día de sol". O 22 prodúcense as primeiras tomas de declaración ante o secretario do xulgado, un tenente e outros asistentes. As acusacións son unha combinación de feitos verídicos mesturados con outros totalmente inventados. Belarmino nega a maioría das imputacións, pero admite que foi presidente da Sociedade Obreira de Construción Naval de Santo Adrián ata o 29 de xuño dese ano[19]. A Pepe acúsano de participar nunha reunión "subversiva" en Vilaboa con Ramón Arines, naquel entón xefe da estación de ferrocarril de Figueirido, e o mestre Manuel Ruzo, unha xuntanza á que nunca asistira. Pepe defendíase das acusacións falsas.

—Eu a vostede non o coñezo de nada —sostiña un dos acusadores—, pero os seus veciños aseguran que é certo que acudía a esas xuntanzas.

—Pois que o digan na miña presenza para saber quen son e poder defenderme —retrucou Pepe.

Os procesos facíanse por grupos de presos que, na terminoloxía das autoridades do Lazareto, eran denominados "paquetes". O de Pepe, Roxelio e Belarmino estaba formado por nove homes, todos do Concello

19 Causa 116/37. Archivo Intermedio Militar Noroeste de Ferrol, páxina 80.

de Vilaboa. Nese grupo tamén estaba un home de Paredes, Elixio Rey, ao que non coñecían persoalmente e que foi o peor parado. O 26 de outubro chegan á illa 330 presos procedentes de Pontevedra e en días sucesivos chegan máis do Frontón de Vigo e doutras partes ata xuntarse cerca de 2.000 presos.

**Novembro e decembro**

O día catro Pepe, Roxelio, Belarmino e outros máis forman parte dun grupo de presos que son trasladados ata Santa Cristina de Cobres para traballar na estrada do peirao desa localidade. Aos presos lévanos a traballos forzados cada dez ou quince días.

Na prisión son informados de que o 12 de novembro foran fusilados dez pontevedreses: Poza, Adrio Barreiro, Paz, Adrio Mañá, Casas, Rey, Rico, Novás, Caamaño e Bernárdez. Ese mesmo día deteñen na illa a Lago Búa, o inspector provincial de prisións de Pontevedra e responsábel do cárcere do Lazareto. Roxelio e os demais coñecían as actividades delituosas deste individuo quen, en unión de Francisco Bustelo, médico de prisións, chantaxeaba os presos e sacáballes diñeiro prometéndolles que os ían liberar. Fora denunciado por un médico de Vigo que tiña bos contactos, póndose ao descuberto todo o aparello clandestino, destinado a beneficiarse da traxedia dos presos, montado por Lago Búa e algúns funcionarios do réxime nas prisións de Vigo e San Simón. Durante as primeiras semanas na illa, Roxelio contacta con algúns compañeiros que xa coñecía de antes, coma o mestre Xosé Meis, Adrio Barreiro e Antonio Blanco, alcalde de Marín. Aínda tivo tempo de charlar con este último, antes de que o fusilaran, sobre proxectos pendentes dos dous concellos, como a unión cunha estrada a través do monte, aproveitando a fantástica perspectiva que

tiñan dende a illa ollando cara Sobreira e o monte de Coto Redondo. No mes de decembro volven traballar na estrada de Santa Cristina cada semana, incluído o día de Noitevella.



A partir del 18 Julio 1936
empiezo a sufrir persecución por
asuntos politicos Teniendo que presen
tarme en el Cuartel de la guar-
dia Civil de Moaña un dia
si otro nó, cierto dia el sargento me
invita a ponerme a sus órdenes
y á colaborar con ellos y que no
me pasaria nada, yo le dije que eso
nunca, antes muerto que avergan-
zado, en los primeros dias de Agosto
aparecen dos fulanos jóvenes en
un coche perjuntando por mi en el
Astillero de Francisco Gonzalez don-
de estava trabajando me presenté
me hicieron varias perjuntas y me
dijeron que tenia que acompañarlos
a Moaña (serian las 5 de la tarde)
al cuartel yo les dije que alli estava
presentandome un dia si otro nó
y que habia ido a la mañana; siguieron
haciendo perguntas hablaron entre

L6. Extracto do Diario de Pepe Casal.



L7. O embarcadoiro oeste da illa de San Simón co peirao e o antigo pavillón de presos do Lazareto, a primeira imaxe que vían os presos ao chegar ao campo de concentración da illa. Estado actual das instalacións, verán de 2015.

**Xaneiro, 1937**

Traballan na estrada de Santa Cristina os días 4 e 5. Como a forza militar que os custodiaba fora trasladada a outra zona, as autoridades da illa suspenden os traballos forzados durante un tempo. Nesa altura un número significativo de presos son paseados. A Garda Civil acudía pola noite para levalos declarar, pero xa non volvían a San Simón. Aparecían mortos ao día seguinte tiroteados nas estradas da comarca redondelá, ou desaparecían para sempre fondeados na Ría. As visitas de familiares eran unha das maneiras de obter información e decatarse do que pasaba fóra. Os presos utilizaban un argot para describir a traxedia dos paseos: "a raposa actuaba todas as noites, desgraciado do que lle tocaba", segundo relata Pepe Casal. O día 15 de xaneiro notifícanlles que deben ir declarar ao cárcere de Pontevedra, polo seu xuízo. Roxelio, a través dalgúns compañeiros de cativerio, tiña contacto e certa proximidade co responsábel da prisión do Lazareto e advertiulle

que eles non ían a Pontevedra coa Garda Civil, que os matasen alí mesmo, non irían a ningún lado se non era coa Garda de Asalto. A demanda de Roxelio foi atendida. Foron tres veces ata Pontevedra, en "paquetes", a prestar declaración e unha das veces, no camiño, foron parados por membros da Falange en Figueirido, á altura da Ramalleira. Os fascistas solicitáronlles aos de Asalto que lles entregasen os presos, "que eles se facían cargo". Foron momentos de gran tensión nos que o responsábel da Garda se puxo diante da camioneta cunha metralladora e díxolles aos sicarios "ou vos largades ou acabo aquí mesmo con todos".

Outra vez salvados milagrosamente polos de Asalto. Foron trasladados ata o cárcere de Pontevedra de noite. Metéronos nunha cela completamente chea "que nin deixaba abrir a porta" e nunha esquina estaba o "zambullo", un noxento balde de madeira para facer as necesidades, que se baleiraba fóra todas as mañás polo preso de quenda. O 24 recibiron a primeira visita da familia e o 26 tiveron a vista do xuízo. O día 27 volveron ao Lazareto. Tres días despois forman a todos os internos na explanada da illa e, no alto, a toda a garda. O que ocorre a continuación fai que se lles xee o sangue. O comandante militar ordena firmes e a continuación berra as palabras fatídicas:

—*Carguen, apunten, fuego!*

Soa unha terríbel descarga e fican todos aterrados. Despois escoitan dicir a algúns compañeiros "dispararon ao aire, non foi nada". Fora "un fusilamento simbólico" segundo Pepe Casal, unha advertencia de que a súa vida non valía nada. O obxectivo dos carcereiros era telos atemorizados, condenándoos a un continuo estado de incerteza e terror.

## Febreiro

O día 3 sae a primeira expedición de 32 procesados para o penal de Pamplona e o día 6 outros 19. Ese mesmo día, un sábado de carnaval, ás oito e media, de noite e cunha terríbel tormenta con tronos e lóstregos iluminando o fondo da Ría, son trasladados de novo ata Redondela e dende alí ata o cárcere de Pontevedra. Ingresan na cadea ás 10 da noite. O día sete trasládanos ata o Goberno Civil (no edificio que na actualidade alberga a Deputación de Pontevedra) onde se realiza a lectura de cargos e nomeamento de defensor. A petición fiscal é de pena de reclusión perpetua para todos, acusados de rebelión militar e de diversos "actos vandálicos" como requisa de armas e outras imputacións. As testemuñas da acusación son, entre outros, o veciño de Vilaboa Manuel Palmeiro Cerqueiro, José González Filgueira de Santa Cristina, Ricardo Caamiña Dominguez de Vilaboa, Vicente Penas de A Coruña e veciño de Vilaboa, e José Calvar Cortegoso de Santo Adrián. Roxelio e o resto do "paquete" foron acusados por estes individuos de revolucionarios, "extremistas y exaltados", de berrar UHP (siglas da consigna Uníos Herrmanos Proletarios!) así como de estraños "delitos" naquela altura, como ser dirixentes sindicais e pertencer ás Xuventudes Socialistas. Outras acusacións eran a de consideralos responsábeis de proceder a unha requisa de armas para defender Pontevedra, de seren comunistas, de ameazas á veciñanza, de "querer cortarlles a cabeza aos de dereitas", ademais de teren unha "lista negra de cuarenta personas de ese término"[20], suponse que para axustizalas no momento oportuno. Na causa 116/37 consta tamén un informe do alcalde de Vilaboa Manuel Boulllosa, datado o 26 de outubro de 1936, onde realiza unha forte acusación contra Roxelio, Belarmino e Pepe Casal declarando:

20 Causa 116/37. Ibídem.

"…son personas con malos antecedentes y conducta dudosa, habiéndose significado en manifestaciones públicas como comunistas, vistiendo camisas encarnadas y haciendo alarde de sus ideas publicamente; demostraron actividades en el movimiento requisando un coche en la parroquia de Santa Cristina en el que marcharon en dirección a Domayo parece que a reclutar gente para acudir a Pontevedra en ayuda de los del frente popular, de que desistieron al enterarse de que el Ejército era dueño de la Capital".

Porén, e de forma sorprendente, o alcalde tivo boas palabras para o resto dos membros do "paquete", quizais porque pertencían a organizacións menos "extremistas" ou significadas, como Izquierda Republicana. Máis alá da evidencia de que os acusados foran activistas sindicais e políticos legais ata o golpe de estado e de que se mantiveron fieis á República ata o último momento, os delatores realizaban moitas destas acusacións en base a rumores "que se escoitaban na parroquia" cando non cun marcado cariz de vinganza ou inimizade persoal e política. En base a esas testemuñas o xuíz instrutor, o comandante Luís del Hierro, elaborou un informe coa seguinte introdución que resulta moi clarificadora da intencionalidade previa do aparello fascista:

"Se instruye esta causa por orden del Excmo. Señor Gobernador Militar de la Plaza y en averiguación de los hechos que se constatan en las diligencias que la motivaron y atestados unidos por cabeza, para la determinación de las personas criminalmente responsables de dichos hechos.

Según resulta de lo actuado, en el vecino Ayuntamiento de Vilaboa, y en diversas parroquias de éste de Pontevedra, gentes afectas al Frente Popular, unidas todas ellas por perversos ideales de índole comunista, al servicio de la antipatria, los días


...IA PENITENCIARIA DE
ISLA DE SAN SIMON

¡VIVA ESPAÑA! 191.

3/123

Encumplimiento de su respetable orden de 4 del actual tengo el honor de participar a V.S. que los sentenciados en la Causa nº 116/37, a quien la misma se refiere, JOSE MELLA PELETEIRO, BELARMINO CASAL FERNANDEZ, JOSE CASAL FERNANDEZ, ROGELIO CALVAR CASAL, MANUEL RIOSECO BALTASAR y MANUEL PESQUEIRA VALLADARES fueron trasladados a la Prisión Central de Pamplona, donde fueron destinados por el Centro Directivo de Prisiones, habiendo salido de esta Colonia con fecha 14 de Mayo del presente año y que el también sentenciado en la misma Causa CELESTINO AROSA SANMARTIN fué trasladado al Hospital-Asilo Penitenciario de Segovia teniendo su salida de esta Colonia el día 14 de Octubre próximo ppado.

Respetuosamente a las ordenes de V.S.

Dios guarde a V.S. muchos años.

Isla de San Simón 6 de Noviembre de 1.937. (SEGUNDO AÑO TRIUNFAL)

COLONIA PENITENCIARIA DEL LAZARETO DE SAN SIMÓN · DIRECCIÓN

EL DIRECTOR accidental.

Claudio Pastor

...pitán Juez Instructor Don Eduardo Reigosa Brea

PONTEVEDRA

L8. Comunicación de cumprimento da orde de traslado á prisión de Pamplona.
Documento da causa 116/37 depositada no Archivo Intermedio Militar del Noroeste de Ferrol.

> diecinueve y veinte de Julio último, en estrecha colaboración con la entonces primera Autoridad provincial, realizaron también los hechos característicos llevados a cabo en la generalidad de los pueblos de esta provincia , con el fin de hacer oposición al Ejército Nacional, que con el Bando declaratorio del Estado de Guerra publicado el 20 del expresado mes, puso fin a los desmanes que los comunistas al servicio de Rusia venían cometiendo en las fechas inmediatamente anteriores y aún, y muy especialmente, en las mencionadas."[21]

Despois segue o informe coas testemuñas antes citadas individualizando as diferentes acusacións. A inconsistencia de moitas das graves declaracións realizadas levou o avogado defensor de oficio, o alférez José Astor García de Medrano a solicitar a súa absolución por considerar que os feitos que se lles imputaban eran falsos ou contraditorios, non sen antes facer unha apaixonada defensa do *Movimiento Nacional* para que non houbese ningunha dúbida sobre a súa adhesión á causa do "alzamiento". Débese recoñecer que o defensor fixo ben o seu papel demostrando a esaxeración interesada e o disparatado da maioría das probas e testemuñas presentadas. O luns 8, ás catro da tarde, celébrase o Consello de Guerra e o 9, ás dez da mañá, danlles a coñecer a sentenza: pena de reclusión perpetua a 30 anos. Só un dos acusados, Elixio Rey, canteiro e músico de Paredes, foi condenado a morte polo simple feito de que algunhas testemuñas aseguraron escoitarlle nos días seguintes ao levantamento militar que "se arrepentía de non terlle cortado a cabeza a algunha xente". Outros dous do seu "paquete", Francisco Fernández e Avelino Carracelas, foron absoltos, o primeiro sen chegar a ser procesado. O día 13 son trasladados de novo ao Lazareto. Pepe Casal no seu "diario" sinala que case todas as noites

21 Ibidem.

levaban a algún que xa non volvía. Roxelio é avisado polo comandante da prisión dunha visita especial. Era un falanxista, coñecido da familia. Probabelmente, aínda que Roxelio nunca o desvelou, se tratase de Manuel Meira, da aldea de Pousada, que declarara ao seu favor como testemuña no xuízo. A conversa transcorreu nos seguintes termos:

—Queres saír de aquí? —díxolle o camisa azul.

—Para que, para matarme como fixeron con outros a noite pasada?

—Non home, todo quedaría arranxado se entras na Falange. Poderías facerte cargo do asunto sindical, que tan ben coñeces.

—Agradézoche a invitación, pero eu non cambio de chaqueta, así que xa sabes…

**Maio**

Ás sete da mañá do día 14 saen do Lazareto ata Redondela onde collen o tren cara a Pamplona. Despídense doutros presos, entre eles de Xosé Meis, que se abraza a eles con bágoas nos ollos. Este mestre, natural de Sanxenxo, moi recordado en Santo Adrián pola súa bonhomía e valía como ensinante en distintas etapas da vida escolar da parroquia, será fusilado en xullo dese ano acusado de rebelión militar. A expedición está formada por 48 presos, incluídos os seis condenados do seu "paquete", e outros máis, entre eles algúns coñecidos como o médico de Redondela Xosé Pereira ou o xuíz de instrución Gustavo Otero. Os presos ían esposados por parellas e custodiados por un garda civil. En Ourense faise cargo a Garda de Asalto que os libera das esposas ata chegar a Astorga onde a Garda Civil os volveu "amarrar" de novo ata a estación de Venta de Baños.

Alí métenos nun calabozo coas mans atadas e en parellas ata as oito da mañá en que sae o tren e ás dez da noite ingresan no cárcere de Pamplona. Pasan a noite nunha nave con piso de cemento e un caldeiro de auga, sen comida ningunha, e ás oito e media da mañá son trasladados ao forte de San Cristóbal onde ingresan ás dez e media. Á entrada espéraos un ameazante letreiro:

*"No os mataremos, pero os iréis consumiendo poco a poco"*

Comprenderon mellor o significado do sinistro cartel cando viron os compañeiros de San Simón que chegaran antes ca eles. Tiñan un aspecto cadavérico, con pelo e barba de meses, pálidos, con olleiras e extremadamente delgados. A comida era unha mestura de auga lixada cuns fideos e algún garavanzo, "a quen lle tocaba", no fondo dun bote vello de conserva. Non había pratos nin nada polo estilo, cada quen debía axenciarse o máis indispensábel para "vivir morrendo", como dicían alí. Exactamente, como indicaba o letreiro da entrada do penal.

## *IV. O forte de San Cristóbal*

A nova prisión era un penal-fortaleza militar de Navarra situado no monte Ezkaba, a menos de catro quilómetros de Pamplona e a uns trinta da fronteira francesa. Estaba literalmente escavada nas entrañas da montaña, con tres niveis de profundidade e un gran patio interior no fondo, cunha área construída de 180 mil metros cadrados. Fora



L9. Situación actual do forte San Cristóbal (Navarra).

penal militar dende 1934, e alí estiveron confinados centos de presos da Revolución de Outubro e, posteriormente, a fortaleza fora utilizada, con ese mesmo fin, durante o golpe militar do 36, permanecendo activa dende o inicio da guerra ata 1945.

As instalacións do penal eran totalmente inadecuadas para ese fin o que deu lugar a moitas enfermidades entre os presos -a tuberculose era unha delas- e múltiples defuncións. Se a estas condicións construtivas deficientes sumamos os malos tratos, a desnutrición por fame e diversas epidemias infecciosas causadas por piollos e outros insectos, non estraña que ata a clausura do penal se rexistraran 305 mortes debidas a esas inhumanas condicións.

**Decembro**

O día 12 Pepe Casal encóntrase mal. Cree que ten unha gripe descomunal e queda case sen vista, pero alármase cando se decata de que ten sangue nos ouriños. Enseguida é atendido polos médicos, presos coma el, Xosé Pereira e Xacobe Otero, que lle diagnostican infección intestinal. Por medio "dun tal Pastor de Vigo", que estaba de ordenanza —Pepe






L10. Algúns dos traballos realizados na prisión de Pamplona por José Casal. O da esquerda é un broche que trouxo para a súa filla Lucrecia. O da dereita é un anel gravado coas súas iniciais. Fotos do autor.

Casal afirma que salvou a moitos presos—, tráenlle uns medicamentos e foi tirando. A identidade do oportuno auxiliador era Pastor Rodríguez Iglesias, comerciante de Vigo, xulgado por rebelión militar e condenado a cadea perpetua e multa de cinco millóns de pesetas, segundo información de Luís Bará.

O día 15 comeza a nevar e as baixas temperaturas fanse case insoportábeis. Pasan cinco días incomunicados, as tubaxes conxélanse e danlle de comer mondas de patacas resesas e sen pan. Naquela altura había no penal máis de tres mil presos "de todas as categorías sociais, dende o máis intelectual ata o máis analfabeto, nun completo abandono, sen réxime interno, sen limpeza nin comida que puidese ser catalogada coma tal e sen enfermaría. O que quería erguerse facíao e o que non estaba todo o día tirado na liteira, ninguén lle dicía nada". José Casal intentaba ocupar o seu tempo na prisión facendo traballos artesanais, para os que revelou unha particular habilidade (imaxe L10).

**Maio, 1938**

Xosé fixo innumerábeis aneis e broches, a partir de fichas de dominó e outros materiais, que despois tallaba con mestría. Ao seu regreso agasallou a moitas persoas da familia coas pezas que puido sacar de Pamplona. Nesa época había preto de 2.500 presos en San Cristóbal. A situación de moitos dos internos era de desesperación, con claros síntomas de desnutrición; matábanos de fame e enfermidades, esa era a terríbel realidade. A vida no penal chegou a ser tan insoportábel que algúns internos decidiron buscar a maneira de escapar daquela morte lenta e cruel, e prepararon un plan de fuga, a mellor alternativa para moita xente. Comezaron a correr distintos rumores de que ían ser liberados. Nuns

casos dicíase que polo exército da República, noutros por un comando comunista, e incluso polo exército francés.

O día 22 á hora do rancho da tarde e cando facían o reparto da comida, os ordenanzas, tamén presos políticos, foron neutralizando os gardas que os acompañaban. Despois asaltaron a garda do forte, que se encontraba xantando. Un soldado que opuxo resistencia morreu ao recibir un golpe cunha barra metálica. Reduciron os soldados das garitas e a continuación abriron as portas da maioría das celas e deu comezo a fuga. Despois souberon que dous sentinelas, ademais dun falanxista preso, acabaran alertando as autoridades de Pamplona do sucedido. Foi unha pena, sen o sopro non se tería sabido nada ata o día seguinte cando se procedese ao relevo da garda. Nese caso o resultado puido ser diferente. A planificación da fuga ten elementos extraordinarios, como a utilización do esperanto polos organizadores para comunicarse entre si. Por desgraza, a intelixencia dos promotores da fuxida non foi obstáculo para que circulasen distintas versións, algunhas interesadas, como a de que fora unha acción consentida, unha xustificación para eliminar a unha parte dos presos con facilidade. Os cerebros iniciais foron un grupo reducido de vascos capitaneados por Leopoldo Picó Pérez, militante comunista de orixe cántabro moi vinculado á Pasionaria, coa participación dalgunha xente do PNV. A fuga masiva, sen armas e sen coñecementos da topografía e xeografía do terreo, era un suicidio. Porén, moitos pensaban que pagaba a pena intentalo. Os pasos formais a Francia estaban fortemente vixiados e os alternativos había que coñecelos ben para ter certo éxito. Só os vascos estaban en condicións de poder facelo, e aínda así a fuga foi un rotundo fracaso para a maioría dos presos. Ao ser alertadas as autoridades fascistas organizouse a caza do home sen contemplacións. Unha parte considerábel dos presos optou por quedar no penal ante a incerteza do que estaba pasando. Só participaron na

fuxida 795 homes; tres lograron pasar a fronteira, 210 foron rematados no monte —49 eran galegos, a comunidade máis numerosa, despois de Castela— e o resto foi capturado nos seguintes meses, con 14 deles condenados a morte[22]. Un dos fugados que resultara apresado volveu fuxir de novo en 1944, esta vez con éxito. O grupo de Pepe e Roxelio non estaba informado da fuga, e menos da súa organización, pero nun primeiro momento decidiron escapar. Colleron o máis indispensábel e saíron fóra do forte. Ao chegar a noite estaban totalmente desorientados no monte "sen saber onde ir" e cun tiroteo infernal por todos os lados. Foi entón cando Pepe Casal decidiu volver e entrar de novo antes de que os collesen os grupos de requetés e falanxistas que "andaban a facer méritos". Ao pouco de entrar pechouse o portal e os que encontraron nas inmediacións do forte foron tratados con igual brutalidade que os que colleron no monte. Do "paquete" de Roxelio faltaba Pesqueira que tardou dous días en regresar detido. Á unha da noite informan de que os militares van pasar lista e ordenan formar cos brazos en alto. Fan reconto e tocan silencio. Aos poucos minutos tocan de novo a formar e fan un novo reconto. Faltaban centos de presos. Os que capturaban eran levados ao soto do penal para incomunicalos durante días e, ao facer a revisión da pena, a moitos dobráronlle a condena. O director da prisión foi acusado de neglixencia grave, por mala administración do penal, e apartado do seu cargo. Naquela altura correu o rumor de que fora fusilado. Dende entón cambiou totalmente a xestión do penal, a comida era abundante e había limpeza e disciplina. Funcionou a barbaría, un economato e a enfermería. Incluso chegou a formarse un coro e orquestra cun rapaz de Chapela ao acordeón. Alí coñecen a persoas importantes da República. Roxelio estabelece amizade con Xesús Villaverde, tenente de alcalde de Vilagarcía e irmán de Elpidio.

22 Domingo, Carmen. *La Fuga.* Ediciones B, 2011. Novela de investigación sobre a fuga da cadea de Pamplona.

Este último era un personaxe relevante, deputado electo en 1936 por Izquierda Republicana e membro das Irmandades da Fala. En 1936, durante o golpe, exiliouse e formou parte do grupo que con Castelao, Suárez Picallo e Alonso Ríos constitúe o Consello de Galiza en 1944. Os Carrapuchos aínda foron testemuñas, dende o penal, dalgúns ataques da aviación republicana a Pamplona. Os presos lograron estabelecer unha pequena organización pola que se filtraba información dende o exterior, a pesar de estar sometidos a unha vixilancia continua, con rexistros periódicos.

*V. O regreso á casa*

Coa vitoria franquista en 1939 os presos estaban pendentes da evolución da II Guerra Mundial. Sabían que o seu desenlace, fose cal for, tería consecuencias para eles. En xaneiro comezan as revisións de causas e



PRISION CENTRAL DE PAMPLONA

CERTIFICO: Que el Excmo.Sr. capitan General de la Octava Region Militar - en Orden de fecha 4 del actual ------- ha decretado la prisión atenuada en su domicilio, del recluso ROGELIO CALVAR CASAL ------- que sale de esta Prisión en el día de hoy y fija su residencia en SAN ADRIAN DE COBRES-Ayuntº de Vilaboa(Pontevedra)

Dicho penado, cuya firma y huella dactilar del pulgar derecho van al margen del presente, está obligado a presentarse a las Autoridades de su residencia, de la cual no podrá ausentarse sin permiso de la citada Autoridad.

Pamplona 6 de Septiembre de 1940.

EL DIRECTOR,

Rogelio Calvar

L11. Orde de prisión atenuada para Roxelio Calvar ditada polo director da prisión de Pamplona. Documento familiar.

saen os primeiros en liberdade. O 6 de setembro de 1940, ás cinco da tarde, danlles a orde de liberdade condicional. Esa noite dormen nunha fonda en Pamplona, o día 7 saen en tren para Galiza e chegan o 8 ás seis da mañá a Redondela.

Están de volta na casa case á mesma hora en que saíran, había xusto catro anos. Pepe Casal fai balance dos días de cativerio:

| Lugar de internamento | Nº días |
|---|---|
| Normal de Pontevedra | 37 |
| Cárcere de Pontevedra | 21 |
| Lazareto | 190 |
| Estación de Venta de baños | 1 |
| Cárcere Provincial de Pamplona | 1 |
| Penal Forte San Cristóbal | 1208 |
| Tren de volta á casa | 1 |

Este internamento supuxo para Roxelio, Pepe, Belarmino e o resto dos sobreviventes do seu "paquete", un total de 1.459 noites de privación de liberdade, terror, penurias e un sufrimento sen conto. E sen ter cometido máis delito que ser homes libres e cidadáns exemplares. Ese día péchase un ciclo na vida dos Carrapuchos: o 8 de setembro pasou a converterse nunha data máxica e sagrada para a familia. O 30 de setembro Pepe Casal comezou a traballar no estaleiro onde estaba antes da guerra.


J.P.

E. 278

Expediente núm. ~~27298~~ 216

MINISTERIO DEL EJERCITO

COMISION CENTRAL DE EXAMEN DE PENAS

Cª 116 - 37

**Certificado de resolución definitiva** (O. C. de 25 de enero de 1940, D. O. 21).

ROGELIO CALVAR CASAL, natural de S. Adrian-Cobas, de 32 años de edad, de estado casado y profesión carpintero, fué condenado en Consejo de Guerra celebrado el 8 de febrero de 1936, en la Plaza de Pontevedra a la pena de Reclusion perpetua con las accesorias de correspondientes como autor de un delito de rebelion militar definido en el artículo 237 del Código de Justicia Militar.

La Comisión Provincial de Pontevedra en ...... de ...... de 194..., elevó propuesta de confirmacion de la referida pena, informando que la definitiva que debia imponerse es la de Cuatro años de prision menor (Nº 7 gr VI) con las accesorias de suspension de todo cargo

La Autoridad judicial informó conforme con la Comision

Esta Comisión Central, en ...... de ...... de 194..., de conformidad con el parecer expuesto por la Provincial, elevó a su vez la oportuna propuesta en el sentido de que la pena a imponer debe ser la de Cuatro años de prision menor con las accesorias de la pena primitiva

Previos los oportunos trámites, la Superioridad ha dictado la correspondiente resolución definitiva disponiendo que la pena que debe sufrir el rematado ROGELIO CALVAR CASAL es la de CUATRO AÑOS DE PRISION MENOR

SIN XXX las accesorias de LA PENA PRIMITIVA QUE SE CONMUTA IGUALMENTE

de todo lo cual, esta Comisión Central CERTIFICA, de orden del Excmo. Sr. Ministro del Ejército, remitiendo este certificado al Excmo. Sr. Capitan General de la Octava Region para cumplimiento de lo prescrito en la instrucción 7.ª de la Orden comunicada de 7 de febrero de 1940 entendiéndose que tanto el inmediato acuse de recibo como la cuenta de la total ejecución de la sentencia definitiva debe comunicarse a esta Comisión Central por obrar en la misma todos los antecedentes del asunto.

Madrid, 12 de ...... de 194... 1942

El Auditor Presidente.

El Vocal Militar,

El Vocal Judicial,

L.12. Documento da causa 116/37 depositada no Archivo Intermedio Militar del Noroeste de Ferrol.



Giro n.º 45 Ptas. 50 Cts. 00

de ............ por pesetas

(Sello rectangular de la oficina de imposición)

Giro postal

Cincuenta Pesetas

(en letra)

Cts.

(en número)

Correos de España

Sr. Admor. de Coruña

(Punto de destino, oficina pagadora)

sírvase hacer efectivo el importe de este giro a

Destinatario

Nombre Sr. Presidente del Tribu-

domicilio nal de Responsabi-

residencia lidades Políticas

La Coruña

ingresado en esta Oficina con los derechos de premio y envío por

Imponente

Nombre Rogelio Calvar Casal

domicilio Prov. de Pontevedra

residencia San Adrián de Cobres

San Adrián 2 de Enero de 1941

El imponente,

Rogelio Calvar Casal

(Sello de fechas, si se admite en una cartería rural)

GIRO POSTAL

2 ENE 41

PONTEVEDRA

Importe giro 50 ptas. — cts.

Derechos 0 » 45 »

Total cobrado 50 » 45 »

El funcionario,

(Sello de fechas de la oficina de imposición)

Mod. n.º G. 1

L13. Xiro postal de Roxelio ao Tribunal de Responsabilidades Políticas. 1941.

**Marzo, 1941**

A Garda Civil preséntase no estaleiro e preguntan por Casal. Comunícanlle que teñen unha denuncia contra el por romper as frechas do anagrama da Falange no cuartelillo de Curra.

—Pero vostede cre que eu fixen iso? —argumentou un sorprendido Pepe Casal.

—Home, sería vostede un suicida na súa situación. Pero aquí ten a denuncia.

No papel figuraba unha acusación contra Casal, Roxelio, Belarmino e Enrique Paredes. Asinaba o denunciante, Francisco Prieto, xefe local de Falange, veciño da parroquia, antigo camarada e ex membro da Sociedade de Agricultores. A Garda Civil considerou que aquilo non tiña fundamento e deixaron en paz a Casal. Igual interrogatorio lle fixeron a Roxelio, Belarmino e Paredes. Aos poucos días sóubose que o "atentado" fora cousa dos rapaces da escola. Un bo sinal de que as novas xeracións non esquecerían facilmente a historia e o exemplo dos seus maiores.

**Decembro de 1942**

As autoridades militares confírmanlle formalmente a Roxelio, Pepe e Belarmino a conmutación de penas por catro anos de prisión menor emitindo un certificado de resolución (imaxe L12). Como se pode observar as comunicacións formais ían con dous anos de atraso.

**Abril, 1943**

O día 11 asinan, os que quedaban do "paquete", o conforme de que ficaban libres de vixilancia, non sen antes facer fronte ao pago de 200



**CERTIFICADO DE LIBERACION DEFINITIVA**

*Don* ALEJANDRO GARCIA SAN MIGUEL *, Director de la Prisión* SANATORIO *de* PAMPLONA *y Presidente de la Junta de Disciplina de la misma.*

T. P. A.—Mod. 141

**FILIACION Y RESEÑA**

Nombre ROGELIO
Naturaleza San Adrian de Cobres
Edad 33
Pelo c
Ojos grandes
Cara oval
Color moreno
Complexión
Estado civil casado
Hijos 2
Domicilio que elige el de su naturaleza

**SEÑAS PARTICULARES**

(Firma del liberado e impresión dactilar del pulgar derecho)

Rogelio Calvar

Pulgar derecho

*CERTIFICO: Que en el día de hoy, y previa la aprobación del Tribunal sentenciador, se concede la libertad definitiva a* ROGELIO CALVAR CASAL *de ... por haber extinguido su condena.* ROGELIO CALVAR CASAL *cuya filiación se expresa al margen, fué puesto en libertad condicional el día* 6 de Setiembre de 1940 *de ... de ... y desde entonces a la fecha su comportamiento ha sido irreprensible, demostrando con ello que ha hecho buen uso de la gracia que se le concedió.*

*Y para que conste, expido la presente en* Pamploja *a* veintiocho *de* Setiembre *de mil novecientos* cuarenta y tres

L14-1. Certificado de liberación de Roxelio Calvar, maltratado polo tempo e a humidade. Prisión de Pamplona, 1943.



CENTRO PENITENCIARIO DE PREVENTIVOS
PAMPLONA

DIRECCION

Núm. ____________

DON MANUEL DIEZ TABARES; SUBDIRECTOR DEL CENTRO PENITENCIARIO DE PREVENTIVOS DE PAMPLONA DEL QUE ES DIRECTOR ACCIDENTAL DON ANTONIO GARCIA ENCISO.

CERTIFICO: Que CALVAR CASAL ROGELIO, ingresa en la Prisión Fuerte de San Cristobal el día 16 de Mayo 1937 procedente de la Colonia Penitenciaria de la Isla de San/ Simón en la cual ingresó el día 8 de Septiembre de 1936 / para cumplir la pena de 30 años de Reclusión Mayor por el delito de Rebelión Militar.
Sale en Libertad bajo Prisión Atenuada en su domicilio el día 6 de Septiembre de 1940.
Es Licenciado Definitivamente el día 15 de Octubre de / 1943.

Y para que conste y surta los efectos que proceda expido la presente que sello con el del Centro y firmo, con el visto bueno del se-- ñor director en Pamplona a 4 de Julio de mil novecientos noventa.

Vº Bº
EL DIRECTOR

CENTRO PENITENCIARIO DE PREVENTIVOS
DIRECCION
PAMPLONA

L14-2. Certificado de liberación de Roxelio Calvar, maltratado polo tempo e a humidade. Prisión de Pamplona, 1943.

pesetas por responsabilidades políticas. O 10 de outubro asinaron a liquidación definitiva da condena saíndo publicada a nova no *Faro de Vigo* do día 14. Tamén, durante ese ano, o Lazareto deixou de funcionar coma penal, pechando o mesmo ciclo que os Carrapuchos.

A decisión de liquidación de condenas parece que formaba parte dunha estratexia máis global e estaba en consonancia coas derrotas alemás na fronte oriental, despois da Batalla de Stalingrado, na que o exército soviético sentenciou o resultado da II Guerra Mundial. Franco debía modular o seu Réxime na perspectiva dunha derrota total de Alemaña e a desaparición de Hitler, o máximo valedor da ideoloxía fascista e o seu principal soporte no ámbito internacional.

**Novembro, 1944**

O oito de novembro de 1944 comunícanlle o licenciamento definitivo da condena e ordénase o cese da vixilancia a que estaban sometidos. O coronel de Infantería e Xuíz Militar especial de conmutación de penas de Pontevedra notifica oficialmente ao Xuíz de Instrución de Vilaboa que, mediante o decreto do 3 de setembro de 1943, emitido polo Capital Xeneral da correspondente Rexión Militar, os condenados na causa 116/37 por delito de rebelión militar, pasaban á situación de licenciamento definitivo debendo comunicarse á Garda Civil tal decreto con fin de que se procedese ao cese da vixilancia que se exercía sobre os mesmos.

Aínda que o último decreto de liberación definitiva da súa condena era do 3 de setembro de 1943, ese mes pasou a ser un talismán para a familia e o día 8 de setembro converteuse nunha data sagrada para Xosé, Roxelio e Belarmino que o celebraban cada ano como se fose un día festivo, o día do seu “segundo” nacemento. Non era para menos, tal día

como aquel detivéranos en 1936, salvándose dunha morte segura como xa relatamos, e nesa mesma data chegaron á casa con liberdade condicional en 1940 ao serlles conmutada a pena de prisión perpetua a trinta anos por catro anos de prisión menor atenuada no domicilio de cada un. Finalmente, en setembro de 1943, podían contar de forma definitiva que saíran vivos dunha contenda na que se salvaron de ser "paseados" en varias ocasións pola actuación providencial dalgúns funcionarios con sentido humanitario, da Garda Civil e Garda de Asalto, que non se deixaron cegar pola barbarie fascista que comezaba a encher de mortes as gabias e os cemiterios de toda Galiza. Despois, coa prolongación da guerra, chegarían moitas vítimas máis do xenocidio exercido con extrema brutalidade polo goberno de Franco. O "*Alzamiento*", bautizado como "*Cruzada por la religión, la patria y la civilización*" polo bispo de Salamanca Enrique Pla, estaba inspirado na ideoloxía anticomunista e antisocial das elites empresariais e militares españolas. Estes dous estamentos do réxime contaban cunha magnífica aliada na ultra conservadora xerarquía da Igrexa Católica española, admiradora incondicional das teses fascistas do papa Pío XI, amigo e admirador de Mussolini[23]. Esa posición política do Vaticano foi continuada por Pío XII en 1939 avalando ambos papas o golpe franquista de 1936 e o réxime ilexítimo subseguinte.

Este contexto social e político en Galiza foi estudado por persoas expertas en diversas publicacións entre as que podemos citar *Non des a esquecemento* ou *Os nomes do terror*.[24]

---

23 Este Papa promoveu os acordos de Letrán con Mussolini, en 1929, onde se recoñecía a soberanía papal sobre o Vaticano e outros privilexios de control social para a relixión católica. Proba do seu ideario reaccionario foi a promulgación da encíclica anticomunista Divini Redemptoris en 1937.

24 *Non des a esquecemento*. Bará Torres, Luis. (Instituto de Estudos Miñoráns, 2017). *Os nomes do terror*. Ermida Meilán, Xosé Ramón et al. (Sermos Galiza, 2017).

## *VI. Epílogo*

Uns anos despois, en 1950, prodúcese un estraño acontecemento que ten, de novo, como protagonistas, o Lazareto, os Carrapuchos e falanxistas. A illa de San Simón perdera interese como campo de concentración e pasara a ser un lugar de lecer para os dirixentes do golpe e as súas familias. Alí, a Garda de Franco —unha organización falanxista formada por fillos de xente relevante do Réxime—, estableceu unha *Colonia de Educación y Descanso* para refocilarse nas súas antigas fazañas e gozar dunha paisaxe natural de beleza inigualábel. Para as súas viaxes á illa contrataban os servizos da Muchita, unha lancha propiedade do empresario Riobó de Domaio. Sobre o nome da lancha hai un equívoco e en moitos traballos menciónase o nome de Monchita. En realidade, o nome era o citado diminutivo de Mucha, segundo testemuña directa dos propietarios[25]. O 22 de agosto de 1950 o barco foi requirido para levar uns sesenta integrantes da Garda de Franco ata Redondela. Sobre o que pasou aquel día hai varias versións. Unha delas sinala que ían a un partido do Choco, o club

25 Rafael Riobó González, fillo do propietario, confirmounos este extremo.

de fútbol local, e algúns dos falanxistas estaban algo bébedos. A embarcación non era a adecuada —non tiña aforo suficiente, ademais de pouca profundidade de quilla— e moitos pasaxeiros sentaron encima da cámara do pasaxe e no resto da cuberta porque xa non había onde meterse. O piloto da lancha indicoulles que se mantivesen na súa posición e non se amontoasen nos costados para evitar problemas de estabilidade. Na ponte acompañábao o responsábel da Garda. Saíron da illa cara ao merendeiro de Cesantes e ao pouco tempo, preto do illote Corveiro, un dos gardas, nun estado de evidente embriaguez, tirouse á auga. Algúns, ante feito tan inesperado, desoíndo as indicacións e advertencias do piloto, puxéronse de pé e fóronse cara o costado de babor para observar mellor o espectáculo. O temoeiro insistiu en que quedasen no seu sitio, pero foi inútil. A avalancha fixo que a lancha escorase e acabase envorcando, afundíndose en poucos minutos a moi pouca profundidade. Hai outra versión, que parece a máis probábel, avalada pola testemuña dun supervivente. Parece que, inicialmente, os falanxistas que decidiran ir ver o partido de fútbol era un reducido grupo formado por unhas trece persoas. Pero pouco antes de soltar amarras e iniciar a travesía apareceu o resto da Garda ata completar un número que algúns cifran en sesenta e sete falanxistas. Ante esta avalancha o patrón da Muchita negouse a facer a viaxe con esa cantidade de xente, polo perigo que significaba para a estabilidade do barco. Pero o xefe dos acampados, facendo ostensíbel a presenza da pistola que levaba ao cinto, ordenoulle que levase a toda a tropa, insistindo de forma ameazante que alí mandaba el. Ao patrón non lle quedou máis remedio que facer o que lle dicían. A lancha estaba atracada nun dos peiraos da zona leste da illa, a resgardo dunha intensa brisa do sur, pero ao deixar a súa protección as ondas comezaron a salpicar á tropa falanxista que copaba toda a cuberta do barco. Parece que o acto reflexo dalgúns gardas foi o de intentar ir resgardarse ao lado de babor,



L15. A lancha “Muchita”, nunca levou folio nin nome, nunha imaxe posterior ao naufraxio cos falanxistas da Garda de Franco, co seu último piloto, Castor Corbacho.
Foto sacada na Portela (Redondela) coa illa do Lazareto á dereita e a comarca de Cobres ao fondo.
Cortesía de Rafael Riobó, c. 1956.

o martirio de moitas persoas inocentes, aínda sen reparar na súa xusta medida moitas décadas despois, e que se quere ocultar baixo a capa de silencio de quen é cómplice hogano.

O tempo foi pasando e os Carrapuchos seguiron fieis aos seus ideais, durante a Ditadura e ata a fin dos seus días. Aínda lles sobrou tempo para asistir, expectantes e algo esperanzados, á morte de Franco. Roxelio, a pesar da presión familiar para que non seguise poñendo en perigo a súa vida, mantivo unha militancia clandestina ata a restauración monárquica, actividade da que José Casal e algúns outros participaban dalgún xeito. Non obstante, a experiencia traumática da guerra e a estadía na prisión, pero de maneira especial os asasinatos e exilio de moitas amizades e compañeiros de militancia, deixounos

profundamente marcados. Pepe Casal foi o peor parado; volveuse un home de poucas palabras, ensimesmado, do que emanaba unha profunda amargura. Eses sentimentos de desazo acrecentáronse aínda máis despois de comprobar como as democracias occidentais avalaban a continuidade de Franco e da súa ditadura traizoando a República e a tanta xente maltratada, torturada e asasinada polos fascistas. Mais a vida seguía o seu curso e a maioría da descendencia dos Carrapuchos pasou a militar, na década dos setenta do pasado século, nas filas da esquerda e do nacionalismo galego seguindo o exemplo de compromiso social dos seus devanceiros. Quede, pois, para a posteridade esta testemuña do extraordinario labor dos nosos heroes, pioneiros, na comarca de Cobres, da loita polo progreso e a liberdade da xente labrega e traballadora, ademais da súa fermosa lección de dignidade humana e valentía nunha época histórica tan dramática.

## *Algunhas referencias bibliográficas*


**Abad Gallego, Xoan Carlos.** *Cen personaxes en torno a unha guerra.* Instituto de Estudios Vigueses. Vigo, 2008

**Amoedo López, G.** e **Gil Moure, R.** *Episodios de terror durante a guerra civil na provincia de Pontevedra*. A illa de San Simón. Edicións Xerais, 2007

**Bará Torres, Luís.** *Non des a esquecemento*. Instituto de Estudos Miñoráns, 2017

**Barreiro Fernández, X.R.** *Historia contemporánea de Galicia. Tomos I-II*. Ediciones Gamma. A Coruña, 1982

**Bello, Luis.** *Viaje por las escuelas de Galicia*. Editorial Akal. Madrid, 1973

**Domingo, Carmen.** *La Fuga. Novela de investigación sobre a fuga da cadea de Pamplona*. Ediciones B, 2011

**Durán, J.A.** *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*. Sigo XXI editores. Madrid, 1977

**Eiras Roel, A. et al.** *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Universidad de Santiago de Compostela, 1980

**Ermida Meilán, Xosé Ramón et al.** *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*. Sermos Galiza. Compostela, 2017

**Fernández Santander, Carlos.** *El alzamiento de 1936 en Galicia*. Ediciós do Castro. A Coruña, 1983

**Pollard, John F.** *El Vaticano y sus banqueros*. Editorial Melusina. Barcelona, 2007

**Rodríguez Castelao, D.** *Sempre en Galiza*. Akal editor. Madrid, 1977

**Rodríguez Galdo, Mª X et al.**

— *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*. Ediciós do Castro. A Coruña, 1981

— *Galicia en la transición migratoria española. Presencia exterior y retorno*. 2010

**Silva Ferreiro, Manuel.** *Galicia y el Movimiento Nacional*, 1938

## *Hemeroteca consultada*

*Noche*, 1950

*El Correo Gallego*, Ferrol, 21 agosto de 1891

*El Eco de Galicia*, 1891

*Faro de Vigo*, 1899,1973-1981

*El País: diario republicano de la tarde*, Pontevedra. 1933

*El País*, Madrid, 1977-1980

*El Progreso*, 1937

*El Pueblo Gallego*, 1930-1932-1936-1939

*El Tea*, semanario independiente, 1932

*Galicia: revista regional* nº 7, xullo 1888, pp. 325-332

*La Correspondencia Gallega*, diario de Pontevedra, 1903-1913-1914

*La Voz de Galicia*, 1977-1981

*Arquivos consultados*

Archivo General Militar de Madrid

Arquivo Histórico Diocesano de Compostela

Archivo Histórico Nacional

Archivo Intermedio Militar Noroeste de Ferrol

Arquivo da Catedral de Santiago

Arquivo da Deputación de Pontevedra

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Arquivo do Reino de Galicia

Arquivo do Rexistro Civil de Vilaboa

Arquivo Xeral do Porto de Vigo

Biblioteca Nacional de España

Galiciana Dixital da Xunta de Galicia

# Diario de José Casal

A partir do 18 de xullo de 1936 empezo a sufrir persecución por asuntos políticos, tendo que presentarme no cuartel da Garda Civil de Moaña un día si e outro non. Certo día, o sarxento invítame a poñerme ás súas ordes e a colaborar con eles e que non me pasaría nada, e eu díxenlle que diso nada, antes morto que avergoñado. Nos primeiros días de agosto aparecen dous fulanos novos nun coche preguntando por min no asteleiro de Francisco González, onde estaba traballando. Presenteime, fixéronme varias preguntas e dixéronme que tiña que acompañalos a Moaña (serían as 5 da tarde) ao cuartel. Eu díxenlles que alí estaba presentándome un día si outro non e que fora pola mañá; seguiron facendo preguntas, falaron entre eles e marcharon. Sinto non saber quen eran. Por aqueles días xa empezaran a desaparecer varios compañeiros como Fernández e Chuquiño de Domaio e outros coñecidos, e malleiras e aceite de rícino.

Acusacións presentadas: ser Presidente da Juventud Socialista, secretario da Sociedade de Agricultores, interventor en eleccións, presidir manifestacións e outras actividades.

O 8 de setembro ás 11 da mañá chega unha cuadrilla de falanxistas de Moaña ao mando do célebre alemán Bruno cun acusón de Domaio (Paredes), que era o que daba os nomes dos que a min me preguntaban; cortáronme o pelo ao cero, rexistraron a casa, levaron dous aneis de ouro, uns cantos (poucos) duros, porque non había máis, e outras cousas de valor para min e dixéronme que ao outro día me presentase en Moaña con certa cantidade de diñeiro e os nomes de todos os que tiñan bicicleta. Casilda chorando co pequeno en brazos; o alemán díxolle que marchase, se non cortábanlle o pelo tamén e un carabineiro vello coñecido, o señor Vázquez, dicíalle que se eu me guiase polo que me dixera o sarxento non me pasaría nada (paraba moito por aquí).

Ás 3 da tarde chegou a Garda Civil coa orde de detención do xuíz instrutor, un tal del Río, e ordenáronme buscar o meu irmán Belarmino e o meu primo Rogelio, a Francisco Fernández e Avelino Carracelas e Manuel Rioseco. E en Figueirido uníronse José Mella Peleteiro e Manuel Pesqueira Valladares, e ás 7 da tarde ingresamos na Escola Normal de Pontevedra convertida en prisión.

Esa mesma noite do 8 de setembro chegan os falanxistas de Moaña a buscarnos pero xa estabamos seguros, se non aquela noite liquidábannos. E ao día seguinte abriron o cuartelillo no noso local social, e alí levaron todos os socios e outros máis que as pasaron negras, mentres eles pola parroquia saqueaban galiñas, viño, patacas e diñeiro para as súas enchentas e outras atrocidades, eses que se chamaban defensores da moral e da familia. E o día 23, ás 11 da noite, a multitude que rodea a prisión completamente chea, e entre todos os máis grandes de Pontevedra, intentan asaltarnos e, grazas á enérxica decisión do Cabo de Asalto que mandaba a garda, mandou arrimarse ás paredes e desviarse das xanelas, que pasarían por riba do seu cadáver antes de entrar. Un mal momento indefensos.

15 de outubro de 1936. Á 1 da noite tocan a formar por lista unha expedición de 100 amarrados con cordas uns con outros, para cada un, tres ou catro gardas e Victor Lis á fronte cunha metralladora. E lévannos a Vigo en autocar e alí, embarcados no vapor de pasaxe Vigo, tráennos ao Lazareto de San Simón. Algúns de Lalín dicían que nos ían tirar á illa. Chegamos á illa ás 6 da mañá. Fomos os primeiros. Bo día de sol.

Día 23. Tómanme a primeira declaración, o secretario do xuiz, un tenente, un tal Abundancia, con outro máis, cunha barbaridade de

acusacións, moitas certas, outras non, como unha xuntanza en Vilaboa na compaña de Arines, daquela xefe da estación de Figueirido, e de Manuel Ruz, mestre de escola, e outros, xuntanza á que non asistira. E como eu me defendía, rematou por dicirme que el non me coñecía de nada pero que os meus viciños dicíano. E díxenlle: "pois que o digan na miña presenza, para saber quen son".

Os procesos facíanos por grupos, que se chamaban paquetes; o noso era de 9, os antes nomeados e un tal Eligio de Paredes, que eu non coñecía e que foi o que mataron do grupo, e quen preparou o paquete foi Peleteiro, daquela secretario do xulgado, e os asinantes uns cantos desgraciados que foron morrendo case todos de moi mala maneira.

Día 26 de Outubro. Chegan 330 máis de Pontevedra para veranear na illa e en días sucesivos van chegando máis do frontón de Vigo e outras partes até xuntármonos perto de dous mil.

Día 4 de novembro. Lévannos a traballar para facer a estrada do peirao de Santa Cristina. Eu fun o 4, o 14 e o 28. O 12 fusilaron ao Frente Popular de Pontevedra: Poza, Adrio, Novás, Caamaño, Blanco[26], Paz, Telmo Bernárdez, etc. E esa mesma noite levaron detido da illa a Búa, que estaba como director de prisións da provincia, polos abusos que estaba cometendo, e seica o fusilaron.

Decembro. Traballo na estrada os días 5, 12, 18, 23, 30 e 31.

26 Nota da edición: Os asasinados o 12 de novembro foron os doutores Amancio Caamaño, Telmo Bernárdez e Luís Poza; os Mestres Germán Adrio Mañá, Paulo Novás e Benigno Rey; o xornalista Vítor Casas; o avogado José Adrio Barreiro; o impresor Ramiro Paz e o capitán de Asalto, Juan Rico.

Xaneiro 1937. Estrada o 4 e o 5, terminación por marchar a forza que nos custodiaba, e a *raposa* actuando todas as noites, desgraciado o que lle tocaba. O día 15 trasládannos á cadea para comunicarnos o proceso. Entramos de noite nunha cela do patio completamente chea, que non deixaba nin abrir a porta, e nun recanto o zambullo, que era un balde de madeira para facer as necesidades, que baleiraba fóra, pola mañá, quen lle tocaba á roda. Domingo 24, primeira visita e o 26 procesados. O 27, volta ao Lazareto. O 30 pola tarde fórmannos a todos os internados na explanada e no alto forma toda a garda e fusílannos simbólicamente, dando os berros de rigor e unha descarga ao ar.

Febreiro, día 3. Sae a primeira expedición para Pamplona, de 32, e o día 6 dezanove máis e ese mesmo día 6 de febreiro, sábado de Entroido, ás 8 e media da noite, con alustros e tronos, trasládannos ao cárcere de Pontevedra por Redondela, ingresando ás 10 da noite. Día 7, lectura de cargos e nomeamento de defensor, petición fiscal de perpetua a morte. Luns 8 ás 4 da tarde consello de guerra. Día 9, ás 10 da mañá, sinatura da condena de 30 anos de reclusión. Día 13, traslado ao Lazareto.

Marzo, día 8, ás 8 e media da noite, volta á cadea. Día 10, ás 11 da mañá, sinatura definitiva, 30 anos, e ás catro da tarde volta ao Lazareto. Case todas as noites levaban algúns que non volvían.

Maio. Día 14, 1937, ás sete da mañá saída do Lazareto para Pamplona, saíndo o tren de Redondela ás 8 e media, expedición de 48, entre eles o médico de Redondela don José Pereira e o xuíz de instrución Gustavo Otero Sestelo, o médico do Grove Jacobo Otero Goday e o sobriño, daquela alcalde, Jacobo Barral Otero, o alcalde de Cambados etc., esposados por parellas cun garda por parella. Ao chegar a Ourense colleunos outra garda por un cabo de asalto con barba que nos levou soltos até Astorga,

onde outra vez a garda civil nos amarrou. Ás 10 da noite chegamos á estación de Venta de Baños e metéronnos nuns calabozos coas mans atadas un con outro, eu sempre con Rioseco, sen ter onde deitarse, até as 8 da mañá do día 15, que saeu o tren. Ás 10 da noite ingresamos no cárcere de Pamplona, todos nunha nave con chan de cemento e un caldeiro de auga, sen máis comida. E ás oito e media da mañá, domingo día 16, saída para o fatídico Forte de San Cristóbal, ingresando ás 10 e media da mañá e na entrada un letreiro: "*No os mataremos pero os ireis consumiendo poco a poco*". E, ao ver os compañeiros que foran antes como estaban con pelo e barba e demacrados, comprendémolo todo: a comida, unha pouca auga suxa cuns fideos e algún garabanzo, ao que lle tocaba, nun bote de conserva, porque non daban pratos nin nada, até que cada un puido axenciar o máis indispensábel para vivir morrendo.

Día 12 de decembro, enfermo de gripe, chegando a non ver nada ao chegar a noite e mexar sangue. Visítanme don José Pereira e Don Jacobo e din que tiña infección intestinal. Por mediación de Pastor de Vigo, que estaba de ordenanza na dirección, tráenme uns medicamentos e fun tirando. Por medio de Pastor salváronse moitos.

O día 15 empeza a caer neve, pasando 5 días incomunicados e xearse as cañarías. Chegaron a darnos de comer as mondas de patacas de días anteriores e sen pan, que xa o que daban era ben pouco e malo, en días tan memorábeis para o mundo libre. E así iámonos consumindo tres mil e pico homes de todas as categorías sociais, desde o máis intelectual ao máis analfabeto, que tamén había, nun completo abandono, sen réxime interno, sen limpeza nin comida nin enfermaría nin nada humano. Quen quería erguerse facíao, quen non, estaba todo o día tirado no petate, que ninguén lle dicía nada.

Domingo 22 de maio de 1938, á hora do rancho da tarde, cando facían o reparto os ordenanzas que viñan cos gardas, foron apoderándose deles, desarmáronos e fecháronos. Logo asaltaron a garda do forte, que estaban comendo, e abriron as portas (houbo un soldado morto, que estaba no interior das brigadas, que sorprendeu algúns, se non, non pasaba nada) pero parece que logrou escapar o corneta, segundo dixeron, e foi quen deu o parte, se non até o outro día que chegase o relevo nada se sabería. Moitos non se moveron, outros deixaron todo, outros saíron con todo o que tiñan, que creron que estaban en liberdade. Detivéronos pola mañá na estación. Nós, os seis do paquete (porque Francisco Fernández e Avelino Carracelas saíron absoltos) collemos o máis indispensábel e tamén saímos, pero xa de noite, no monte, con dous soldados e outros máis desorientados, sen saber por onde ir, eu decidín volver entrar antes que quedar tirado no monte e ao pouco de entrar pechouse o portal e os que quedaron fóra pagaron o mesmo que os que colleron lonxe. Non se pode lembrar aquilo. A nós faltounos Pesqueira, tardou dous días. Á unha da noite dan a orde de cada un á súa brigada, que chega a forza, pasar o patio brazos en alto e tocan a formar, fan o reconto e tocan silencio e, ao pouco, a formar outra vez, e, segundo dixeron, faltaban 1.122 e 530 non volveron máis, caendo polo monte perseguidos como feras. Os que colleron os requetés e falanxistas liquidáronos e os que foron recuperando en días sucesivos incomunicáronos na brigada do soto (chan de pedra) moitos días e ao facer as revisións de causas dobráronlles a condena.

Ao comprobar o motivo do sucedido e o abandono en que se achaba o penal din que fusilaron o director, un tal Rojas, e 30 anos ao administrador. Desde aquela, comida abundante, limpeza, disciplina, bo trato, barbaría, economato, enfermaría etc. Formouse un coro e orquestra, un rapaz de Chapela co acordeón.

A primeiros de 1940 empezan as revisións de causas e a saír algúns en liberdade. O día 6 de setembro ás 5 da tarde dannos a orde de liberdade condicional, noite que durmimos nunha fonda de Pamplona. Día 7 ás 8 e media da mañá, saída en tren e domingo 8 ás 9 e media da mañá chegamos a Redondela e á casa case á mesma hora de saída, aos catro anos xustos.

| | |
|---|---|
| Noites de prisión na Normal de Pontevedra: | 37 |
| No cárcere idem | 21 |
| No Lazareto | 190 |
| Na estación de Venta de Baños | 1 |
| Provincial de Pamplona | 1 |
| No Forte de San Cristobal | 1208 |
| Unha en tren | 1 |
| Total | 1459 |

O 30 de setembro de 1940 empezo outra vez a traballar no estaleiro onde estaba. Marzo do 41, chega a Garda Civil a preguntar por min. Preséntome e dinme que teñen unha denuncia por romper as frechas do cuartelillo de Falange. Se me deteñen xa estou perdido, pero o garda portouse como un cabaleiro. Eu díxenlle: "Vostede cre que eu fixen iso? Home, sería un suicida." "Na súa situación... Pois aquí ten a denuncia."

José Casal Fernández na compaña do seu irmán Belarmino, o seu primo Rogelio e Enrique Paredes. Fóronse e aos poucos días dixeron que foran os rapaces da escola. Asina a denuncia Francisco Prieto, xefe local de Falange.

Día 11 de abril de 1943, sinatura de enteirado que quedaba libre de vixilancia e o 10 de outubro de 1943 sinatura da liquidación definitiva

da condena. Pasábaseme que o 11 de abril de 1941 paguei 200 ptas por responsabilidades políticas. Publicado no *Faro de Vigo* do día 14.

Case todos os acusadores morreron, desgrazadamente, como merecían, e algúns miserables aínda quedan gozando das súas rapinas, e eu coa conciencia tranquila e, con noxo de tanta hipocrisía e inxustizas, sigo no meu posto, coma sempre, traballando honradamente.

José Casal Fernández

# O diario manuscrito de José Casal


Cuaderno

A partir del 18 Julio 1936
empiezo a sufrir persecución por asuntos politicos teniendo que presentarme en el Cuartel de la guardia Civil de Moaña un dia sí otro nó, cierto dia el sargento me invita a ponerme a sus órdenes y á colaborar con ellos y que no me pasaria nada, yo le dije que eso nunca, antes muerto que avergonzado, en los primeros dias de Agosto aparecen dos fulanos jóvenes en un coche perguntando por mi en el Astillero de Francisco Gonzalez donde estava trabajando me presenté me hicieron varias perguntas y me dijeron que tenia que acompañarlos a Moaña (serian las 5 de la tarde) al cuartel yo les dije que alli estava presentandome un dia si otro nó y que habia ido a la mañana; siguieron haciendo perguntas hablaron entre

ellos y se fueron, siento no saber quienes eran, por aquellos dias ya empezaron a desaparecer varios compañeros como Fernández y Chuguiño de Domayo y otros conocidos y palizas y aceite de ricino.

Acusaciones presentadas ser Presidente de la Juventud Socialista, secretario de la Sociedad de Agricultores, interventor en elecciones, presidir manifestaciones y otras actividades; el 8 de Septiembre a las 11 de la mañana llega una cuadrilla de falangistas de Moaña al mando del célebre aleman Bruno con un chivato de Domayo (Paredes) que era el que dava los nombres de los que ami me perguntavan, me cortaron el pelo a cero registraron la casa se llevaron dos sortijas de Oro, unos cuantos (pocos) duros por que no había más y otras

cosas de valor para mi y me dijeron
que al 3tro dia me presentase en
Mogaña con cierta cantidad de dinero
y los nombres de todos los que tenian
bicicleta, Casilda llorando con el
pequeño en brazos el aleman le dijo
que se marchase si no cortaban
pelo tambien, (y un carabinero
viejo conocido el señor Vazquez
le decia que si yo me guiara por
lo que me dijera el sarjento que no
me pasaba nada, (paraba mucho
por aqui-) y a las 3 de la tarde
llegó la Guardia Civil con la
Orden de detención por el Juez
instrutor un tal del Rio, y me
ordenaron buscar a mi hermano
Belarmino mi primo Rogelio a
Francisco Fernández y Avelino
Carrecelas y Manuel Rioseco
y en Figueiredo se unieron
José Mella Peleteiro y Manuel

Pesqueira Valladares, y a las siete de la tarde ingresamos en la Escuela Normal de Pontevedra convertida en prisión, ~~el dia 23 a las 11 de la noche la muchedumbre que la rodea pidiendo~~ esa misma noche 8 Septiembre llegan los falangistas de Moaña a vuscarnos pero ya estavamos seguros si no aquella noche nos liquidaban, y al dia siguiente abrieron el cuartelillo en nuestro local social, y alli llevaron a todos los socios y otros más que las pasaron negras, mientras ellos por la parroquia saqueaban gallinas vino patatas y dinero para sus cuchipandas y otras atrocidades, Esos que se llamaban los defensores de la moral y la familia; y el dia 23 a las 11 de las noche la muchedumbre que rodea la prisión completamente llena y entre todos los mas grandes de Pontevedra

intentan asaltarnos y gracias a la enérgica decisión del Cabo de asalto que mandaba la guardia que nos mandó arrimar a las paredes y desviarse de las ventanas que pasarian por encima de su cadaver antes de entrar, - un mal rato indefensos.

15 de Octubre 1936

a la una de la noche tocan a formar por lista una expedición de cien amarrados con cuerdas unos con otros para cada uno tres o cuatro guardias y Victor Lis al frente con una ametralladora y en autocars nos llevan a Vigo - y alli embarcados en el vapor de pasaje "Vigo" nos traen al Lazareto de San Simon - algunos que de Lalin decian que nos ivan a tirar "ca illa"; - llegamos a la Isla a las 6 de la mañana fuimos los primeros - buen dia de Sol -

dia 23 me toman la primera
declaración - el Secretario del juez
un teniente un tal abundancia.
con otro mas, con una barbarida de
acusaciones muchas ciertas otras nó
como una reunión en Vilaboa en com
pañia de "Arines" entonces jefe de la
estación de Figueirido y de Manuel Ruzo
maestro escuela, y otros, reunión que
no asistiera, y como yo me defendia
terminó por decirme que el no me
conocia de nada pero que mis veci-
nos lo decian y le dijé pues que lo
dijan en mi presenscia para saber
quien son, los procesos los hacian
por grupos que se llamaban paquetes.
el nuestro era de 9 los antes
nombrados y un tal Eligio de paredes
que yo no conocia fué el que ma-
taron del grupo y quien preparó el
paquete fue Peleteiro el entonces
secretario del jusgado y los fir-

mantes unos cuantos desgraciados
que ya fueron muriendo casi todos
de muy mala manera.
Dia 26 Octubre llegan 330 más
de Pontevedra para veranear en la
isla y en dias sucesivos van lle-
gando mas del frontón de Vigo
y otras partes hasta juntarnos
cerca de dos mil.
Dia 2 de Noviembre nos llevan
a trabajar para hacer la carretera
del muelle de Santa Cristina yo
fui el 4 - el 14 - y el 28 - el 12
fusilaron al frente popular de
Pontevedra Poza, Adrio, Novás,
Camaño, Blanco, Paz, Telmo Bernardez
Abal. ect. y esa misma noche llevaron
detenido de la isla a "Bua" que
estava como director de prisiones de la
provincia por los abusos que estava
cometiendo el cual dicen que fusilaron
Diciembre trabajo en la carretera

los dias 5 - 12 - 18 - 23 - 30 - y
31. Enero 1937 - Carretera el 2º
y el 5 terminación por haberse
marchado la fuerza que nos custodiava
y la raposa actuando todas las noches
desgraciado al que le tocaba - dia 15
nos traladan a la carcel para comuni-
carnos el proceso entramos de noche y
en una celda del patio compllamente
llena que no dejaba ni abrir la puerta, y
en una esquina el "Zambulló" que
era un balde de madera para hacer
las necesidades que vaciaba fuera a
la mañana el que le tocaba a la rueda
Domingo 24 primera visita en ella
y el 26 procesados el 27 vuelta
al Lazareto - el 30 a la tarde
nos forman a todos los internados
en la explanada y en lo alto forma
toda la guardia y nos fusilan
simbolicamente dando los gritos
de rigor y una descarga al aire -

Febrero dia 3 sale la primera
expedición para Pamplona de 32 -
y el 6 - 19 más y ese mismo
dia 6 de Febrero 1937 Sábado
de Carnabal a las 8½ de la noche
con relampagos y truenos nos trasladan
a la Carcel de Pontevedra por Redon
dela ingresando a las 10 de la noche
dia 7 lectura de cargos y nombra-
miento de defensor, petición fiscal
de perpetua a muerte. Lunes 8
a las 4 de la tarde consejo de guerra
dia 9 a las 10 de la mañana firma
de condena 30 años de reclusión
dia 13 traslado al Lazareto.
Marzo dia 8 a las 8½ de la noche
vuelta a la Carcel dia 10 a las 11
de la mañana firma definitiva 30.
años y a las 4 de la tarde vuelta
al Lazareto, y casi todas las noches se
llevavan algunos que no volvian

Mayo dia 14 - 1937 a las siete
de la mañana salida del Lazareto
para Pamplona saliendo el tren de
Redondela a las 8 1/2 expedición
de 48 entre ellos el médico de
Redondela don Jose Pereira y el Juez
de instrucción Gustavo Otero Sestelo
el medico del Grove Jacobo Otero Godoy
y el Sobrino entonces alcalde Jacobo
Barral Otero el Alcalde de Cambados
ect. esposados por parejas con un guar
dia por pareja al llegar a Orense nos
cojió otra guardia por un cabo de asalto
con barba que nos llevó sueltos asta
astorga donde otra vez la guardia
civil nos amarró, a las 10 de la noche
llegamos a la estación de Venta de Baños
y nos meten en unos calabozos con las
manos atadas uno con otro y siempre
con Rioseco sin tener donde acostarse
hasta las 8 de la mañana del dia 15 que
salió el tren y a las 10 de la noche

ingresamos en la carcel de Pamplona
todos en una nave con piso de cemento
y un cubo de agua sin mas comida
y a las 8 1/2 de la mañana Domingo
dia 16 salida para el fatidico fuerte
de San Cristobal ingresando a las
10 1/2 de la mañana y a la entrada
un letrero, no os mataremos pero os
ireis consumiendo poco a poco, y
al ver a los compañeros que habian
ido antes como estavan con pelo y barba
y demacrados lo comprendimos todo, la
comida una poca agua sucia con unos
fideos y algun garbanzo al que le toca
ba en un bote de conserva por que no
davan platos ni nada hasta que cada
uno pudo agenciar lo mas indespen
sable para vivir muriendo.
Dia 12 Diciembre enfermo de gripe
llegando a no ver nada al llegar la
noche y Orinar sangre, me visitan
Don Jose Pereira y D Jacobo y dicen

que tenia infección intestinal; por mediación de Pastor de Vigo que estava de Ordenanza en la dirección me traen unos medicamentos y fui tirando, (por medio de Pastor se salvaron muchos) Dia 15 empieza a caer nieve pasando 5 dias incomunicados y helarse las cañerias llegandonos a dar de comer las mondas de patatas de dias anteriores y sin pan, que ya lo que davan era bien poco y malo, en dias tan memorables para el mundo libre y así nos ibamos consumiendo tres mil y pico de hombres de todas la categorias sociales desde el mas intelectual al mas analfabeto que tambien habia, en un completo abandono sin regimen interno sin limpieza ni comida ni enfermeria ni nada humano el que queria levantarse lo hacia el que no estava todo el dia tirado en el petate que nadie le decia nada.

Domingo 22 de mayo de 1938 a la
hora del rancho de la tarde cuando hacian
el reparto los los ordenanzas que venian con
los guardianes se fueron apoderando de ellos los
desarmaron y encerraron luego asaltaron
la guardia del fuerte que estavan comien-
do y abrieron las puertas, (hubo un sol-
dado muerto que estava en el interior de
las brigadas que sorprendió a algunos si
nó no pasaba nada) pero parece que lo
gró escapar el corneta segun dijeron
y fué el que dió el parte sinó hasta
el otro día que llegase el relevo nada
se sabía; muchos no se movieron otros
dejaron todo otros salieron con todo lo
que tenian que creyeron que estaban en
libertad, los detuvieron a la mañana en
la estación, nosotros los 6 del Paquete (por
que Francisco Fernandez y Avelino
Carrecelas salieran absueltos) cojimos
lo mas indispensable y tambien salimos
pero ya de noche en el monte con dos

soldados y otros mas desorientados sin saber pol donde ir, yo decidi volver a entrar antes que quedar tirado en el monte y al poco de entrar se cerró el portal, y los que quedaron fuera pagaron los mismo que los que cojieron lejos no se puede recordar aquello, a nosotros nos faltó "Pesqueira" tardó dos dias.
A la una de la noche dan la orden de cada uno a su brigada que llega la fuerza pasar el patio brazos en alto y tocan a formar hacen el recuento y toca silencio y poco rato a formar otra vez, y segun dijeron faltavan 1.122 y 530 no volvieron más cayendo por el monte perseguidos como fieras, los que cojieron los requetes y falanguistas los liquidaron y los que fueron recuperando en dias sucesivos los incumunicaron en la brigada del sotano (piso de piedra) muchos dias y al hacer las revisiones de causas le les doblaron la condena.

Al comprobar el motivo de lo sucedido
y el abandono en que se hallaba el "penal"
dicen que fusilaron al Director un tal Rojas.
y 30 años al administrador, desde entonces
comida abundante limpieza disciplina
buen trato barberia economato enfermeria
ecte, se formó un coro y orquesta chabal.
de Chapela con el acordeon.
A primeros de 1940 empiezan las
revisiones de causas y a salir algunos
en Libertad - el día 6 de Septiembre
a las 5 de la tarde nos dan la orden de liber
tad condicional, noche que dormimos en
una fonda de Pamplona, día 7 a las 8½
de la mañana salida en tren y Domin
go día 8 a las 9½ de la mañana llega-
mos a Redondela y a casa casi a la
misma hora de salida a los cuatro
años justos.

Noches de prisión —

| | |
|---|---|
| en la Normal de Pontevedra | 37 |
| en la Carcel . idem . | 21 |
| en Lazareto . . . . | 190 |
| estación Venta de Baños | 1 |
| Provincial de Pamplona | 1 |
| en el Fuerte San Cristobal | 1208 |
| una en tren | 1 |
| Total . | 1459 |

30 Septiembre 1940 empiezo otra vez a trabajar en el astillero donde estaba; Marzo del 41 llega la Guardia civil a perguntar por mi me presento y me dicen que tienen una denuncia de haber roto las flechas del cuartelillo de falange (si me detienen ya estoy perdido) pero el guardia se portó como un caballero yo le dije usted cree que yo hice eso ombre seria un suicida en su situacion pues aquí tiene la denuncia —

José Casal Fernández en compañía de su hermano Belarmino su primo Rogelio y Enrique Paredes; se fueron y a los pocos dias dijeron que fueran los chicos de la Escuela, firmaba la denuncia Francisco Prieto jefe local de falange.

Día 11 de Abril 1943 firma de enterado que quedava libre de Vigilancia y el diez Octubre 1943 firma liquidacion definitiva de condena.
se me pasava que el 11 Abril de 1941 pagué doscientas pts por responsabilidades politicas publicado en Faro de Vigo del dia 14.
Casi todos los acusadores murieron desgraciadamente como merecian y algunos miserables aún quedan disfrutando de sus rapiñas, y yo con la conciencia tranquila

y asqueado de tanta hipocresia
de injusticias sigo en mi puesto
como siempre trabajando
honradamente.

José Casal Fernández



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

O pasado por vir